



II plan galego de inclusión social

2007–2013



Fondo Social Europeo



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Acción Social



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Acción Social

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Secretaría Xeral do Benestar

II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL

Sumario

1.- PRESENTACIÓN	6
1.1.- A INCLUSIÓN SOCIAL COMO OBXECTO DE POLÍTICAS PÚBLICAS NA UNIÓN EUROPEA	6
1.2.- POLÍTICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA	9
2.- ANALISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA	11
2.1.- O CONTEXTO DEMOGRÁFICO, ECONÓMICO E LABORAL	11
2.1.1.- Contexto demográfico	11
2.1.2.- Contexto económico	12
2.1.3.- O emprego	12
2.1.4.- Renda dos fogares	13
2.2.- DESIGUALDADE, POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL	14
2.2.1.- Desigualdade	14
2.2.2.- Pobreza e exclusión social	15
2.3.- OS ÁMBITOS DO BENESTAR	19
2.3.1.- O mercado de traballo	19
2.3.2.- A educación	20
2.3.3.- Situación financeira dos fogares	21
2.3.4.- A Vivenda	22
2.3.5.- A saúde e os servizos sanitarios	23
3.- REVISIÓN DO I PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL	24



3.1.-	FORMULACIÓN ESTRATÉXICA E ACTUACIÓNS NO MARCO DO PLAN	24
3.2.-	RESULTADOS DO I PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN 2001-2006	28
3.3.-	ORZAMENTO	29
3.4.-	FORTALEZAS E DEBILIDADE: ANÁLISE PROSPECTIVA	30
3.4.1.-	Fortalezas do I Plan de Inclusión Social	30
3.4.2.-	Debilidades do I Plan de Inclusión Social	31
3.4.3.-	Balance e prospectiva: do I ao II Plan	32
4.-	FORMULACIÓN ESTRATÉXICA DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL: OBXECTIVOS E MEDIDAS	35
4.1.-	PRIORIDADES ESTRATÉXICAS	35
4.2.-	MULTIDIMENSIONALIDADE DA EXCLUSIÓN E TRANSVERSALIDADE DAS POLÍTICAS DE INCLUSIÓN	36
4.3.-	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	37
4.3.1.-	Garantir recursos económicos mínimos e mellorar o acceso aos servizos e equipamentos do Sistema de Servizos Sociais	39
4.3.2.-	Aumentar a participación no emprego das persoas e dos colectivos máis arredados do mercado de traballo	41
4.3.3.-	Promover o acceso e mantemento da vivenda de persoas con rendas baixas e socialmente desfavorecidas	44
4.3.4.-	Promover o acceso á educación e á formación, previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias	48
4.3.5.-	Fomentar a accesibilidade e o uso normalizado dos servizos sanitarios da poboación en situación ou risco de exclusión social	50
4.3.6.-	Promover a inclusión social de colectivos en situación grave de pobreza e exclusión social e a intervención social en territorios vulnerables	52
4.3.7.-	Promover a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e apoiar a atención á dependencia	55



5.- ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL	58
5.1.- ESTRUCTURA BÁSICA	59
5.2.- ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA	60
5.2.1.- Dirección	61
5.2.2.- Coordinación técnica	62
5.2.3.- Equipos de inclusión sociolaboral: metodoloxía da intervención	63
5.2.4.- Equipos técnicos de inclusión: despregamento territorial	67
5.2.5.- Acción positiva en favor de grupos vulnerables	69
5.2.6.- Acción positiva en favor de territorios vulnerables	74
5.2.7.- As ONGs no desenvolvemento do plan	77
6.- CADRO FINANCEIRO	79
7.- ANEXOS	80
ANEXO I CADRO DE INDICADORES	
ANEXO II MANUAL DE PROCEDEMENTO E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN	
ANEXO III PLAN ESPECIAL PARA A CONVIVENCIA E A INCLUSIÓN SOCIAL DO POBO XITANO EN GALICIA	

1. PRESENTACIÓN

A inclusión social, na súa dobre acepción de **obxectivo** das políticas sociais e de **estratexia** de intervención constitúe, na actualidade, un dos eixos fundamentais dos sistemas de acción social avanzados, no horizonte dunha sociedade máis cohesionada e igualitaria.

Nese marco, o II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013), nace coa vocación de constituírse como un instrumento decisivo da loita contra a pobreza e a exclusión social deseñado pola Xunta de Galicia, coa finalidade de modernizar e potenciar o modelo social galego, baseado nos principios de solidariedade e protección das persoas máis vulnerables.

1.1. A INCLUSIÓN SOCIAL COMO OBXECTO DE POLÍTICAS PÚBLICAS NA UNIÓN EUROPEA

A loita contra a pobreza e a exclusión social foi progresivamente tomando carta de natureza no marco da construción social europea. Na Carta Social Europea, nos tratados de Maastrich e Amsterdam e na *Carta dos Dereitos Fundamentais dos Cidadáns*, recóllese a vontade de incluír a superación da pobreza como obxecto das políticas públicas dos Estados membros. Un paso máis nesta liña supuxo a implantación dos denominados Programas Europeos de Loita contra Pobreza e a Exclusión Social (1975-1980, 1985-1989 e 1989-1994). A través dos programas Pobreza I, II e III, analizáronse as causas das novas formas de pobreza, sistematizáronse tipoloxías e estratexias de actuación e acuñáronse boas prácticas.

Entre os resultados desa progresiva toma de conciencia arredor da loita contra a pobreza está a recomendación contida na resolución do Parlamento Europeo de 16 de setembro de 1988, de instaurar unha renda mínima garantida co fin de procurar a inclusión social daqueles cidadáns en risco de exclusión.



Todo o acervo de experiencia acumulada recóllese no Cumio de Lisboa de 2000, no que se acomete a tarefa de construír unha nova dimensión social para a Unión, que vaia da man dun crecemento sostible, xerador de emprego de calidade, de maneira que se consiga o dobre logro dunha redución da pobreza e dun aumento da cohesión social. Nesta liña avánzase no Cumio de Niza de 2001, que crea a Axencia Social Europea, e nos posteriores Consellos Europeos de Estocolmo (2001) e Barcelona (2002).

A Axencia Social Europea determinará as estratexias globais das políticas sociais, que se concretarán nos planes de inclusión desenvolvidos polos estados membros. Créase así unha Estratexia Europea para a Inclusión Social, que dá continuidade e complementa unha Estratexia Europea para o Emprego. Fíxase así mesmo o denominado Método Aberto de Coordinación, no que se establecen indicadores comúns que deben ser empregados polos diferentes Estados membros na determinación e medición das súas políticas de inclusión.

Os parámetros abordados no Método Aberto de Coordinación inclúen: participación no emprego; acceso a recursos, dereitos, bens e servizos para todas as persoas; prevención da exclusión social de colectivos específicos; actuación proactiva a favor dos vulnerables mobilizando dun xeito coordinado a todos os actores sociais.

A Unión Europea, ao longo de todo este proceso, foi aquilatando un concepto de exclusión/inclusión social moito máis elaborado do que se manexaba nas primeiras formulacións dos anos oitenta. Os procesos de exclusión/inclusión social enténdense como procesos multidimensionais, que deben ser abordados tanto con medidas específicas de orde “social” (prestacións e reforzos económicos e intervencións social) como con iniciativas complementarias e coordinadas que aseguren a inserción e a participación nos diferentes subsistemas do estado do benestar, tales como formación, educación, saúde, vivenda, etc. de maneira que se incida nos déficits de carácter complexo que afectan ás persoas excluídas: déficits de capital humano e empregabilidade, déficits de condicións materiais da existencia; déficits de participación e comunicación social por exclusión territorial; etc.



No 2004 o Consello e a Comisión adoptan decididamente esa estratexia multidimensional da loita contra a exclusión social e no Informe conxunto da Comisión e do Consello de marzo de 2006, confirmase a necesidade dun esforzo sostido no tempo para a abordaxe de sete prioridades xa definidas con anterioridade:

- Aumentar a participación no mercado de traballo (mediante políticas activas e **creando vínculos entre protección social e aprendizaxe**);
- Modernizar os sistemas de **protección social** para facelos viables, axeitados e achegados a todos;
- Abordar desvantaxes educativas, investindo máis no **capital humano de calquera idade** e dirixíndose en particular aos **grupos máis desfavorecidos**;
- **Erradicar a pobreza infantil**, asegurando a educación, prestando máis axuda ás súas familias e garantindo a protección dos seus dereitos;
- Garantir una **vivenda digna aos grupos vulnerables** e desenvolver enfoques xerais para evitar que haxa **persoas sen fogar**;
- Mellorar o acceso aos **servizos de calidade** nos ámbitos da sanidade, as axudas sociais para o transporte e as novas tecnoloxías da información e a comunicación;
- Vencer a **discriminación entre home e mulleres** e aumentar a integración social das persoas con **discapacidade**, das **minorías étnicas** e das persoas **inmigrantes**.

Nese mesmo documento insístese en tres retos de cara o futuro, que son aspectos clave para a orientación de planes de inclusión como o que aquí se presenta: a súa maior integración nas políticas e nos orzamentos globais; unha axeitada gobernanza¹ adoptando estratexias de implicación multiaxente e multinivel; e unha vinculación máis forte entre os planes de inclusión e os Fondos Estruturais, en particular o FSE.

¹ O termo gobernanza non está de momento incluído no dicionario da Real Academia Galega, por máis que comece a resultar familiar nos ámbitos relacionados coa cooperación, coa inclusión social e coas políticas de sustentabilidade. No dicionario da Lingua Española incorporouse coa seguinte definición: "*Arte o maneira de gobernar que se propoñe como obxectivo o logro de un desenvolvemento económico, social e institucional duradero, promovendo un sano equilibrio entre o Estado, a sociedade civil e o mercado da economía*". En definitiva o énfase está na articulación de sistemas novos que aseguren a participación –no deseño, na aplicación e na avaliación– das partes interesadas, o que nos sistemas de Servizos Sociais coma o galego, implica articular sistemas de coparticipación co terceiro sector, cos axentes sociais, coas persoas usuarias e coas diferentes administracións implicadas. Nas versións portuguesas dos textos técnicos da Comisión, a tradución adoptada do termo inglés "*governance*" é "*governança*".



Por último, o 27 de febreiro de 2007, fíxose público o informe conxunto sobre Protección e Inclusión Social para ser elevado ao Consello de primavera da Unión Europea. Neste informe asúmense os aspectos clave do informe anterior, facendo especial fincapé, no que a inclusión se refire, en aspectos que deben orientar un novo plan galego de inclusión:

- A **inclusión activa**, establecendo sistemas de rendas mínimas que combinen requisitos de acceso coherentes co aseguramento de mínimos para as persoas máis pobres e estratexias eficaces de estímulo para unha incorporación gradual ao mercado laboral.
- A articulación nesas políticas de protección/inclusión activa de **especiais medidas positivas** cando haxa persoas **menores** afectadas, no marco dunha loita efectiva contra a crecente pobreza infantil e a evitación da transmisión interxeracional da exclusión social.
- Unha **atención especial ao paro xuvenil**, especialmente cando se vincula coa inmigración
- A utilización dos **fondos do FSE para o reforzo da inclusión social** das persoas desfavorecidas e para a súa integración sostible no mercado laboral, por ser esta unha das prioridades actuais do FSE.
- A utilización dos **fondos FEDER** para infraestruturas relacionadas coa inclusión social e a loita contra a **pobreza urbana**.

1.2. POLÍTICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

A abordaxe do fenómeno da pobreza e a exclusión social é relativamente recente en Galicia e corre parello ao desenvolvemento das estratexias europeas neste terreo e ao proceso de construción dun sistema galego de servizos sociais.



Con independencia destas políticas de inclusión e atención social desenvolvidas desde o sistema de Servizos Sociais, os departamentos da Xunta de Galicia con incidencia nas áreas de benestar social teñen iniciado con intensidade e niveis de consolidación diversos, políticas específicas con sectores socialmente vulnerables, que implican accións positivas na mellora das condicións básicas de vida e da igualdade real de oportunidades. Educación, Traballo, Vivenda, Inmigración, Sanidade e Desenvolvemento do Medio Rural son ámbitos desde os que se leva na cabo esas políticas, políticas que recentemente están experimentando en todas as instancias citadas un forte impulso.

O sistema de Servizos Sociais definido na Lei 4/1993 estrutúrase en dous niveis de atención, primaria e especializada, correspondendo o primeiro nivel, en termos xerais, e en aplicación dos principios de territorialidade e descentralización, ao ámbito local de competencias.

Os Servizos Sociais de Atención Primaria están orientados á optimización da participación social e do benestar social da cidadanía no seu contorno comunitario. Estes servizos inclúen o desenvolvemento, entre outros, de programas locais de inserción social *que procuren dar resposta a problemáticas de exclusión social, aplicando tanto proxectos de traballo social personalizados ou de grupo, como prestacións económicas específicas* (Art. 9.5. Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os Servizos Sociais de Atención Primaria).

As prestacións económicas do sistema están reguladas na Lei 9/1991, *galega de medidas básicas para a inserción social*, que creou, como dereitos recoñecibles para toda a persoa que reunise certos requisitos taxados na propia norma, a Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e as Axudas de Emerxencia Social.

A RISGA constituíase como unha renda de activación que leva incorporada como "*condición necesaria*" a participación nun proxecto de inserción. Esta "*contraprestación*" materializábase nun proxecto de inserción, consistente nun protocolo de actuacións supervisado polo persoal técnico de Atención Primaria, enfocado á mellora da integración social e familiar e, se fose o caso, a incorporación laboral do/a usuario/a.

A Lei 9/1991, pola que se instituía a RISGA contemplaba a creación, a súa vez, de equipos técnicos de desenvolvemento integral comunitario, para a posta en marcha de proxectos comarcais ou locais de prevención da pobreza e da exclusión. Estes equipos non foron finalmente despregados.



A dificultade de operativizar uns dispositivos teoricamente ben concibidos, pero pouco viables cunha rede de atención primaria insuficientemente dotada, unido ao factor de oportunidade que supoñía a posta en marcha da nova estratexia europea para a inclusión social, favoreceu o nacemento do I Plan Galego de Inclusión Social, que, financiado polo Fondo Social Europeo, desenvolveríase no período 2001-2006.

Da experiencia acumulada nas fases descritas, da análise da pobreza e exclusión en Galicia, das consultas realizadas a entidades do terceiro sector, persoas usuarias e administracións involucradas, así como das orientacións dos organismos europeos competentes, nace a necesidade de formular un II Plan Galego de Inclusión Social para o novo período de xestión de fondos estruturais, nos que Galicia ten a oportunidade histórica de dar un salto a favor dun crecemento con cohesión.

2. ANALISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

2.1 CONTEXTO DEMOGRÁFICO, ECONÓMICO E LABORAL

2.1.1 CONTEXTO DEMOGRÁFICO



Galicia experimentou un leve cambio na tendencia de estancamento demográfico mostrada en anos anteriores o acadar nas cifras provisionais do Padrón de 2006 os **2.764.250 habitantes**, uns 31 mil máis que o número rexistrado en 2001. Este cambio de tendencia veu fundamentalmente impulsado por un **tímido pero crecente fluxo inmigratorio**, especialmente procedente de América do Sur (Arxentina, Uruguai, Colombia e Brasil), que fixo que a poboación estranxeira en Galicia sexa hoxe dunhas **71.796 mil persoas residentes**, apenas un **2,6 por cento da poboación total galega** e un 1,8 por cento do conxunto da poboación foránea en España. Máis da metade do colectivo estranxeiro residente en Galicia ten nacionalidade dalgún país de América Latina (37.144 mil), especialmente de Colombia (7.762), Brasil (6.247), e Arxentina (5.936), fronte a un 35 por cento (25 mil) de países europeos, sobre todo de Portugal (13.188), ou un 9 por cento de nacionalidade africana (uns 6.468), entre quen son maioritarias as persoas procedentes de Marrocos (3.652).

Ao mesmo tempo, e probablemente relacionado co anterior, a taxa global de fecundidade aumentou lixeiramente de 29,9 nacementos por cada mil mulleres entre 15 e 49 anos en 2001 a 31,7 en 2005. Con todo, este maior dinamismo demográfico non logrou deter o **progresivo envellecemento** da poboación galega onde o **21,5 por cento ten máis de 65 anos** (20,8 por cento en 2001), fronte a un mingúante **16 por cento que ten menos de 20 anos** (17,9 por cento en 2001).

2.1.2 CONTEXTO ECONÓMICO

O período de vixencia do I Plan Galego de Inclusión Social, 2001-2006, caracterizouse en Galicia por unha **expansión económica** cunha taxa de crecemento agregada do Produto Interior Bruto (PIB) dun 2,7 por cento de media ata 2005, que ven mostrando unha clara aceleración a partires de 2002.

Este **crecemento foi superior á media da Unión Europea** e, malia ter sido inferior ao do conxunto de España, permitiu que o PIB per cápita galego pasara de representar o 78 por cento da media española en 2000 ao 81 por cento en 2005 debido ao menor impulso demográfico na comunidade autónoma.



2.1.3 O EMPREGO


O crecemento económico veu impulsado polos sectores da construción e dos servizos, o que contribuíu a un **profundo cambio na estrutura do emprego**. Aumentou a poboación ocupada no sector terciario (do 53 ao 58 por cento do emprego total) e reduciuse nos sectores primarios (do 16 ao 9 por cento). Produciuse, ao mesmo tempo, unha **importante creación neta de emprego**, fundamentalmente **feminino**, de xeito que a taxa de ocupación das mulleres entre 25 e 54 anos en Galicia pasou do 55 ao 64 por cento (do 33 ao 40 por cento no conxunto de mulleres de máis de 16 anos). Isto veu acompañado dunha **caída da taxa de desemprego** tanto feminino (do 15 ao 12 por cento do total da súa poboación activa) como masculino (do 8 ao 6 por cento).

Deste xeito no segundo trimestre de 2006 había en Galicia **1.152.800 persoas ocupadas**, 128 mil máis ca no mesmo trimestre de 2001. Deste colectivo, **493.200 eran mulleres**, o que supuxo o **43 por cento do total** e 86 mil máis ca en 2001.

Pero cómpre salientar que **o paro feminino segue a duplicar ao masculino** polo que das 108 mil persoas desempregadas nese mesmo trimestre, 66 mil (o 61 por cento) eran mulleres (en 2001 esta cifra era de 80.400 sobre un total de 131.500).

2.1.4 RENDA DOS FOGARES

A renda dos fogares en Galicia




Fonte: *Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)*

Como consecuencia desta evolución da situación económica en Galicia aumentaron os ingresos dispoñíbles dos fogares, ata situarse en 2004 en algo máis de 1.600 € ao mes, o que supón uns 561 € por persoa.

O ingreso per cápita é maior nas áreas urbanas (636 €) ca nas rurais (510 €) debido ao maior envellecemento da poboación e ao maior peso das actividades do sector primario nestas últimas.

A renda dos fogares en Galicia




Fonte: Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)

2.2 DESIGUALDADE, POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL

2.2.1 DESIGUALDADE

En Galicia produciuse un **incremento das desigualdades** sociais entre 2001 e 2003, pasando os ingresos da quinta parte máis rica da poboación de representar 3,9 veces o ingreso da quinta parte máis pobre, a 4,4 veces. Entre 2003 e 2004 este ratio retrocedeu a 4,1. **A desigualdade en Galicia situouse nestes anos por baixo da media española e europea e foi maior nas áreas urbanas ca nas rurais.**

A desigualdade de ingreso en Galicia



Fonte: Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)


2.2.2 POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL

2.2.2.1 Pobreza como baixos ingresos

En torno a un 15 por cento da poboación galega vive hoxe por baixo do limiar estatístico de pobreza que, seguindo o criterio da Unión Europea, representa o **60 por cento do ingreso mediano galego**, e que para unha persoa soa supón **non acadar 459 € netos** de promedio ao mes, limiar que sube ata uns 1.000 € no caso dun fogar conformado por unha parella e mais dous nenos.

O risco de pobreza e de pobreza extrema en Galicia

Provincia	Pobreza				Pobreza extrema			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
A Coruña	14,0	14,6	14,0	14,8	3,2	5,2	4,1	3,6
Lugo	14,3	16,6	12,3	15,6	3,5	3,3	3,3	5,0
Ourense	18,2	16,2	17,3	19,0	4,3	4,8	4,9	5,4
Pontevedra	11,9	14,7	15,0	12,8	2,9	4,6	4,9	3,1
Galicia	13,8	15,1	14,5	14,8	3,3	4,7	4,3	3,9



Fonte: Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)

A incidencia da pobreza está estancada en Galicia nos últimos anos pero a situación económica da poboación pobre, con todo, mellorou durante 2001-2004, ao teren aumentado os seus ingresos e **terse reducido a pobreza máis extrema** (cun limiar do 40 por cento do ingreso mediano) dende 2002, afectando actualmente ao **4 por cento da poboación** da Comunidade Autónoma. Estas cifras supoñen que unhas 400 mil persoas en Galicia vivan en fogares en risco de pobreza polos seus baixos ingresos.

A maioría das persoas en risco de pobreza, 234 mil, vive en **concellos de menos de 20 mil habitantes**, fronte aos 118 mil que residen nas sete cidades de máis de 50 mil residentes. Entre a poboación pobre hai **máis mulleres ca homes**, 214 mil fronte a 184 mil, case a metade ten máis de 45 anos, 192 mil, e viven fundamentalmente en **fogares conformados por unha parella con fillos**, o 56 por cento, aínda que aumentan cada vez máis as persoas pobres que viven soas ou en parella sen fillos, o 12 e o 17 por cento respectivamente, e onde a persoa que aporta máis ingresos ten máis de 65 anos, o 31 por cento. **A forma máis extrema de pobreza maniféstase na poboación clasificada como sen fogar que o INE estima en Galicia nunhas 1.500 persoas.**

2.2.2.2 Protección social

O sistema de protección social en Galicia actúa como **barreira fronte á pobreza** para unha parte importante dos fogares que as reciben, especialmente no caso das pensións. Con máis de 730 mil prestacións contributivas e con case 100 mil beneficiarios das diferentes modalidades de prestacións non contributivas, **o sistema de protección social permite situar por riba do limiar de pobreza ao 27 por cento da poboación galega** (un 31 por cento da poboación nos concellos pequenos e un 23 por cento dos concellos máis grandes).

Pobreza e prestación sociais

Prestación en €
mensuais, 2003

	pensión	desemprego
Non pobres	590	458
Home	699	508
Muller	495	408
Pobres	379	389
Home	418	421
Muller	345	281
Todos	557	448
Home	655	491
Muller	470	399

% poboación por baixo do limiar de pobreza antes e
despois das prestacións sociais


Tamaño do Concello	2002				2003				2004			
	(1)	(2)	(3)	(4)	(1)	(2)	(3)	(4)	(1)	(2)	(3)	(4)
Pequenos (< 20 mil hab.)	17,2	18,4	46,2	47,7	16,7	18,1	45,5	47,1	16,9	19,2	45,5	48
Medianos (20 – 50 mil hab.)	13,5	14,6	35,6	36,9	14,8	18	34,4	37,6	13,1	15,9	32,9	35,4
Grandes (> 50 mil hab.)	12,3	13,1	31	31,9	11,2	13,8	32,1	34,6	12,3	13,8	33,4	34,9
GALICIA	15,1	16,1	39,7	41	14,5	16,6	39,6	41,6	14,8	16,8	39,6	41,7

- (1) despois de prestacións (por desemprego e pensións)
(2) antes de prestacións por desemprego
(3) antes de pensións
(4) antes de prestacións por desemprego e pensións

Fonte: *Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)*

Pero a pobreza segue a estar en boa medida **vinculada ao desemprego** e á inactividade económica cando implica carencia de ingresos, coma no caso do traballo doméstico, ou con pensións diferentes da de xubilación, pois a cuarta parte das persoas nestas situacións son pobres, así como o é a quinta parte das persoas incapacitadas. A pobreza afecta de modo crecente ás persoas maiores de 65 anos e aos fogares sustentados por elas, cunha maior incidencia nas que non cobran pensión de xubilación. Pero tamén as persoas que cobran unha pensión de xubilación padeceron un aumento do risco de pobreza nestes anos, sendo pobre hoxe unha de cada oito que se atopa nesta situación, dado que o crecemento económico beneficiou máis á poboación activa. A pobreza ameaza tamén en maior medida e de forma crecente aos **fogares con menores**, sobre todo no caso de fogares monoparentais, o que se traduce nunha elevada incidencia da **pobreza infantil** polo que hoxe un de cada cinco menores galegos/as é pobre.

Risco de pobreza por características do fogar




Fonte: Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)

2.3 OS ÁMBITOS DO BENESTAR

2.3.1 O MERCADO DE TRABALLO


Malia esta asociación entre pobreza e inactividade e desemprego, é preciso ter en consideración o fenómeno da **poboación ocupada pobre**, pois unha de cada dez persoas ocupadas vive nun fogar de baixos ingresos, sobre todo nos **sectores primarios do rural** e con **baixa cualificación**, non só no que se refire ao nivel de estudos acadado senón tamén no coñecemento e uso das novas tecnoloxías, idiomas ou formación específica recibida na empresa. Pero a poboación ocupada pobre está a sufrir lentamente os mesmos cambios que están a transformar o conxunto do mundo laboral galego cun importante aumento do peso da poboación empregada máis nova e cualificada que reside en núcleos urbanos.

Risco de pobreza e relación coa actividade económica Persoas de 16 ou máis anos



Fonte: Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)

Remuneración do traballo (ingresos por mes traballado en € mensuais. 2003)




Fonte: Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)

2.3.2 A EDUCACIÓN

Entre 2001 e 2005 a taxa de **abandono escolar prematuro** reduciuse en Galicia do 27 ao 23,6 por cento, manténdose unha **fenda por xénero** ao ser a taxa masculina case o dobre da feminina (30,6 fronte 16 por cento). Tamén baixou a porcentaxe de homes e de mulleres con baixo nivel de estudos do 65 por cento en 2001 ao 55 en 2005.

O risco de pobreza da poboación ocupada en Galicia ten moito que ver co seu nivel educativo pois **é pobre o 17 por cento das persoas empregadas que non completaron a educación primaria**, baixando esta porcentaxe en niveis superiores: primaria completa (14 por cento), secundaria (11 por cento en primeira etapa, 6 por cento en segunda etapa), estudos universitarios ou de FP de grao superior (5 por cento ou menos). **As mulleres ocupadas enfrontan un menor risco de pobreza** cós homes en tódalas etapas educativas agás no caso das licenciadas, onde é superior ao dos varóns.

O capital humano da poboación ocupada Nivel educativo



Fonte: *Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)*

2.3.3 SITUACIÓN FINANCEIRA DOS FOGARES

Os baixos ingresos da poboación pobre tradúcense nunha importante **vulnerabilidade financeira** nestes fogares que chegan a fin de mes con dificultades nun 85 por cento dos casos. Son capaces de cubriren a alimentación básica, salvo nun 3 por cento dos fogares pobres que non se poden permitir comer pito, carne ou peixe polo menos cada dous días, pero como consecuencia da súa situación de privación prodúcense retrasos no pago de recibos básicos, un 8 por cento retrasouse nos últimos 12 meses no pago da hipoteca ou do aluguer e case un 5 por cento no pago das facturas de luz, auga, gas,... Así, os fogares pobres quedan desprotexidos fronte a aparición de gastos imprevistos (un 60 por cento) e non poden gozar de vacacións fóra da casa (un 71 por cento). Non son poucos os fogares que desexarían equiparse cun ordenador ou un coche e non poden por motivos económicos, un 22 e un 11 por cento respectivamente.

2.3.4 A VIVENDA

Esta situación de vulnerabilidade é resultado en gran medida da carga que supoñen os gastos derivados da vivenda, especialmente para a quinta parte da poboación pobre que debe facer fronte cada mes ao pago do aluguer ou do recibo pendente da hipoteca para quen o conxunto de gastos da vivenda lle absorbe en promedio o 40 por cento dos seus ingresos. A vivenda da poboación pobre é maioritariamente unifamiliar e da súa propiedade, pero un 12 por cento debe aboar un aluguer, porcentaxe superior á do resto da poboación, e adoecen fundamentalmente de problemas de humidades e de frío no inverno (máis do 30 por cento dos fogares pobres nos dous casos).

A privación material: condicións de habitabilidade e equipamento da vivenda

Réxime de tenza (%)	total	non pobre	pobre
Propiedade	84,6	85,8	78,9
Aluguer de mercado	4,9	4	8,9
Aluguer non de mercado	2,1	1,9	2,9
Cesión gratuita	8,5	8,4	9,3
Tipo (%)			
Unifamiliar independente	47,3	46,7	50,3
Unifamiliar adosado	8,4	8,4	8,1
Pisos 0-9 vivendas	15,5	15	17,9
Pisos 10 ou máis vivendas	28,8	29,9	23,7
Problemas (%)			
Luz natural insuficiente			
nalgunha habitación	11	9,9	16,3
Ruídos	17,4	18,2	14
Contaminación ou suciedade			
por industria ou tráfico	12,2	11,2	16,7
Delincuencia ou vandalismo	12,2	12,6	10,8
Tres ou menos habitacións*	17,7	15,8	26,4
Humidades	23,2	21,1	32,7
Frío	20	17,5	31,4
Non ten ducha ou bañeira	1	0,8	2,1
Non ten inodoro con auga quente	0	0	0

Equipamento: (% que non ten cada ben) por non o poder pagar	total	non pobre	pobre
Teléfono	1,2	0,3	5
TV color	0,4	0,4	0,5
Ordenador	15,6	14,3	21,8
Lavadora	0,9	0,5	2,7
Coche	4,2	2,8	10,6
por outros motivos			
Teléfono	1,8	1,7	2,1
TV color	0,6	0,3	2,2
Ordenador	39,8	38,8	44,2
Lavadora	1,3	0,6	4,3
Coche	9,6	8,7	13,8

* Considérase como habitacións fundamentalmente os dormitorios, salóns, cuartos de estar ou comedores. Exclúe as coziñas, baños, despensa ou vestíbulos.


Fonte: *Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)*

2.3.5 A SAÚDE E OS SERVIZOS SANITARIOS

Outra consecuencia da pobreza é o feito de que as persoas de baixos ingresos manifestan ter peor saúde, un 22 por cento dos pobres maiores de 16 anos di ter saúde mala ou moi mala, especialmente mulleres (26 por cento) e maiores de 65 anos (54 por cento), e peor acceso aos servizos sanitarios. Malia ser a sanidade unha prestación universal, o colectivo pobre enfrenta maiores problemas de tempo e de transporte para acudir ao médico, máis da metade dos que non puideron acudir a consulta médica cando o precisaban, ademais de ter máis medo ou confiar en maior medida na autocura. Tamén a poboación pobre padece máis ca ninguén a baixa cobertura da atención bucodental no sistema de Seguridade Social, un 12 por cento non puido acudir ao dentista cando o precisaba, dos que tres cuartas partes alegaron motivos económicos. Finalmente, cabe destacar que fogares a unha e outra banda do limiar de pobreza padecen con moita frecuencia a existencia de listas de espera.

Saúde

	Total	non pobres	pobres
estado xeral de saúde malo ou moi malo			
Total maiores de 16 anos	18,3	17,5	22,3
16-64 anos	10,3	9,9	12,3
65 ou máis anos	43,3	41	53,7
homes	16,4	16	18,3
mulleres	20,1	18,8	25,9
enfermidade, incapacidade ou deficiencia crónica			
Total maiores de 16 anos	30,6	30	33,6
16-64 anos	22,6	22,3	24,1
65 ou máis anos	55,6	53,9	63,2
homes	30,4	30	32,3
mulleres	30,8	30	34,8
limitación na vida diaria nos 6 meses anteriores (ata certo punto ou intensamente)			
Total maiores de 16 anos	26,9	25,6	32,7
16-64 anos	19	18,1	23,2
65 ou máis anos	51,6	49,3	62,3
homes	24,1	22,7	30,8
mulleres	29,5	28,4	34,3



Fonte: *Estudo da pobreza e a exclusión social en Galicia (2006)*

3. REVISIÓN DO I PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL

3.1 FORMULACIÓN ESTRATÉXICA E ACTUACIÓN NO MARCO DO I PLAN

A orixe e fundamentación estratéxica do I Plan Galego de Inclusión Social de Galicia inspirouse nos Consellos Europeos de Lisboa e Niza, onde os Estados membros asumiron o compromiso de promover un crecemento económico sostible e un emprego de calidade que reducise o risco de pobreza e exclusión social e reforzase a cohesión económica e social da Unión Europea entre 2001 e 2010. Deste xeito a loita contra a exclusión social converteuse nun dos elementos centrais da modernización do modelo social europeo.

Partíase, entre outros, do dato de cerca de **60.000** beneficiarios/as de prestacións periódicas na Comunidade galega. No período 2001-2006 foron perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia unha media mensual de **4.273** persoas, destinándose unha contía total de **86.408.507** euros á mesma e xestionándose, durante o citado período, un total de **1.282.694.641** euros en pensións de natureza non contributiva.

O Plan naceu, no ano 2001, como reforzo destas medidas de carácter prestacional, coa finalidade de promover o acceso ao emprego, aos recursos, dereitos, bens e servizos dos colectivos máis vulnerables da nosa Comunidade Autónoma.

Desde o Plan leváronse a cabo distintas actuacións para favorecer a integración das mulleres e dos homes que, especialmente en razón da súa discapacidade ou pertenza a un grupo social con particulares dificultades de inserción, estaban ou corrían o risco de encontrarse en situacións de pobreza ou exclusión.

Un dos retos fundamentais do Plan foi lograr que estas persoas adquirisen as habilidades necesarias para conseguir un emprego, non só como vía principal para saír da pobreza e da exclusión, senón como medio de vitala.

En función da responsabilidade e corresponsabilidade na execución, as intervencións leváronse a cabo en dous planos distintos e, a un tempo, complementarios:

- Por unha banda, nun plano vertical, o departamento competente realizou actuacións dentro dos ámbitos propios da súa competencia.
- Nun plano transversal e atendendo ó carácter pluridimensional do fenómeno da pobreza e a exclusión, o Plan promoveu mecanismos de coordinación entre as consellerías con competencias en materia de inclusión social a través de grupos de traballo horizontais e da Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza.

O método utilizado para a o desenvolvemento do plan procurou a incorporación de todos os axentes implicados na loita contra a pobreza e a exclusión social tratando de promover a cooperación coas corporacións locais, entidades de iniciativa social e axentes sociais.

As distintas actuacións do Plan estiveron incluídas no Programa Operativo Integrado de Galicia 2001-2006, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e entre as mesmas cabe destacar as seguintes:

A) Creación e mantemento de equipos de intervención

A intervención cos usuarios levouse a cabo a través de catro equipos de intervención provincial dependentes da Universidade da Coruña, nove de ámbito local nas sete grandes cidades de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol), e nas zonas do Consorcio As Mariñas e no Val Miñor e outro dependente da Confederación Galega de Minusválidos. Xunto cos anteriores o Plan contaba cun equipo coordinador xeral que tivo como finalidade coordinar as distintas accións desenvolvidas e facer o seguimento e valoración das mesmas.

Estes/as profesionais traballaron coordinadamente coa rede de Atención Primaria de Servizos Sociais municipais e ocupáronse do desenvolvemento, entre outras, das seguintes tarefas:

- Coñecemento de todos os recursos existentes na súa área de actuación, así como das necesidades dos colectivos máis vulnerables e as características socioeconómicas de cada zona.
- Valoración conxunta e coordinada cos servizos sociais municipais, das situacións de intervención prioritaria.
- Deseño e implantación de proxectos de inserción personalizados.
- Articulación dos programas específicos adecuados ás situacións detectadas.
- Seguimento das actuacións.

B) Potenciación e apoio as entidades de iniciativa social e fomento da participación dos axentes sociais

Dado o importante papel emerxente do chamado terceiro sector na resolución dos problemas de exclusión social, a especial flexibilidade das ONGs, a súa proximidade a problemática social e a súa capacidade para canalizar as preocupacións da cidadanía, o Plan de Inclusión iniciou unha liña de cooperación coas mesmas, a través dunha orde de carácter anual pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación social e laboral, destinados a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Seguindo esta liña de traballo desenvolvéronse, tamén, convenios de periodicidade anual con entidades de iniciativa social para a atención de determinados grupos ou colectivos que polas súas características requiren estratexias específicas de intervención. Así a Confederación Galega de Minusválidos, no marco do Plan, dirixiu a súa intervención cara a inserción social e laboral das persoas con discapacidades; a Cruz Vermella Española en Galicia desenvolveu un programa coas persoas sen teito e a Fundación Secretariado Xeral Xitano prestou unha atención específica a esta minoría étnica.

Complementariamente, o Plan establecía a necesidade de implicar ás empresas nas políticas de inclusión social, mediante convenios de colaboración coas mesmas e as súas asociacións, de cara a sensibilizar ao tecido empresarial e implicalas activamente no desenvolvemento de programas concretos de formación e inserción laboral.

C) Sensibilización social

A finalidade desta actuación foi favorecer a implicación da sociedade na loita contra a exclusión, co fin de concienciar e sensibilizar á comunidade sobre esta problemática. Desde o ano 2001 creáronse marcos estruturais, profesionais e sociais para o intercambio de información e experiencias que afondasen na mellora da percepción da inclusión social, concretados na realización de xornadas e encontros que con carácter periódico reuniron a diferentes profesionais e expertos na materia.

D) Investigación social

Outra actuación salientable no marco do Plan foi a investigación social. A finalidade desta investigación foi mellorar o coñecemento da situación da exclusión social, incidindo nas distintas dimensións e nos factores causais da mesma. Neste período realizáronse os seguintes estudos:

- *Estudo sobre novos viveiros de emprego en Galicia: posibilidades de ocupación para os colectivos en situación ou risco de exclusión social.*
- *Estudo estatístico e sociolóxico sobre os programas de rendas mínimas.*
- *Inclusión social e perspectiva de xénero. Liñas estratéxicas para a integración social das mulleres desfavorecidas en Galicia.*
- *Revisión dos criterios e categorías de codificación no sistema informático de xestión dos expedientes de rendas mínimas e programas de emerxencia social.*
- *Perfil da poboación usuaria dos Servizos Sociais de Atención Primaria.*

Así mesmo e como estudos necesarios para fundamentar a transición cara a un II Plan Galego de Inclusión, leváronse a cabo os seguintes:

- ❖ Informe sobre a pobreza e a exclusión social en Galicia.
- ❖ Avaliación externa do I Plan Galego de Inclusión Social (2001-2006)²

² As principais conclusións dos mesmos están volcadas neste documento de formulación dun novo plan de inclusión

3.2 RESULTADOS DO I PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL (2001-2006)

Como resultado das diferentes accións de orientación, asesoramento, formación, intermediación laboral e acompañamento social desenvolvidas polos equipos de intervención, axentes sociais e entidades de iniciativa social, acadáronse os seguintes resultados 2006:

- Durante o período 2001- 2006, incorporáronse como usuarios e usuarias un total de **26.915 persoas**, das cales 10.210 corresponderon a actuacións no marco da Medida específica de inclusión de persoas con discapacidades (Eixe/medida 44.10 no marco do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006) e 16.705 a persoas en risco de exclusión de diversa tipoloxía (Medida 44/11). A maioría das persoas usuarias foron **mulleres (56%)**. Esta porcentaxe elévase ao **65%** se só se considera a Medida 44/11, persoas en risco de exclusión social (sen computar, por tanto as medidas específicas enfocadas á discapacidade).
- En relación ao número de persoas participantes no plan é de destacar que **5.760** foron perceptores directos ou indirectos da Renda de Integración Social de Galicia.
- A distribución das **persoas participantes do plan** (Medida 44/11: persoas en risco de exclusión) por situación laboral foi a seguinte:

	Mulleres	Homes	Total
Ocupados/as	814	344	1.158
Parados/as (menos de 1 ano)	3460	1841	5.301
Parados/as (entre 1 e 2 anos)	1528	746	2.274
Parados/as (máis de 2 anos)	1619	730	2.349
Parados/as (non consta antigüidade)	2808	1483	4.291
Outros/as	553	539	1.092
Non consta	130	110	240
Total	10.912	5.793	16.705

- Acadáronse un total de **8.075 insercións laborais** no mercado de traballo normalizado, das cales **4.405** foron de persoas en situación de exclusión (o 66% eran mulleres), e **3.670** de persoas con discapacidade.
- En relación as insercións laborais cómpre sinalar que **1.664** corresponderon a persoas perceptoras directas da RISGA.
- Para o logro das insercións laborais (incluíndo as correspondentes á actuación específica con persoas con discapacidade) posibilitáronse **15.254** contratacións laborais.
- En concepto de **intermediación laboral** fixéronse un total de **4.602 visitas** a empresas.

3.3 ORZAMENTO

O orzamento xestionado entre os anos 2001 e 2006 foi o seguinte:

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA (importes expresados en euros)						
	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Estratexias activas de Inclusión Social	3.554.106	3.620.096	3.692.426	2.877.477	3.455.104	3.446.854
Programas para colectivos con especiais dificultades de inserción	1.689.657	2.059.604	2.221.429	2.315.804	2.272.558	3.522.671

3.4 FORTALEZAS E DEBILIDADES DO I PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN

A través dos procesos de avaliación externa³ e interna⁴, identificáronse as fortalezas e logros do plan, así como unha serie de aspectos sobre os que cómpre introducir melloras, no escenario dun novo plan de inclusión:

3.4.1 FORTALEZAS DO I PLAN DE INCLUSIÓN SOCIAL

Ademais dos logros acadados no transcurso do período, citados máis arriba, hai unha serie de contribucións positivas do I Plan que cómpre subliñar:

- I PGIS contribuíu ao establecemento da problemática da exclusión social como **área de actuación das políticas públicas**, para o que se estableceron estruturas de xestión e intervención social, destinándose importantes recursos e deseñándose novas estratexias. Isto significou un importante avance na sensibilización da comunidade e dos axentes políticos e administrativos.
- Serviu, así mesmo, para comezar a sentar as bases dunha **metodoloxía de traballo** e cooperación técnica para un mellor aproveitamento dos recursos sociais na loita contra a exclusión.
- Plan contribuíu, ademais, a un avance no **debate e coñecemento** das problemáticas de inclusión/exclusión en Galicia.
- Alí onde se deron circunstancias máis favorables (de maneira salientable nos equipos de dependencia municipal), mellorouse a **coordinación entre a atención social primaria e os dispositivos RISGA**. Así, a inmensa maioría das persoas traballadoras sociais municipais consideraron este Plan como un instrumento de apoio moi importante, no sentido de que en moitos casos se chegou a facer unha importante labor de acompañamento dos distintos itinerarios de inserción social, ademais de contribuír a redución da acumulación de traballo destes/as profesionais.

³ Mediante unha contratación pública a empresa *Obradoiro de Socioloxía* desenvolveu unha avaliación do I Plan Galego de Inclusión Social en base a metodoloxías cualitativas implicando a axentes, persoas expertas e usuarias das actuacións desenvolvidas.

⁴ Entre outras fontes a Xornada organizada pola Área de Benestar Social do Concello de Pontevedra (Equipo Municipal do I PGIS): “II Xornada de Incorporación Sociolaboral”, 29 de setembro de 2006.

➤ Por último, a experiencia acumulada, a mellora do saber facer colectivo, é unha boa base para formular **novos desafíos**.

3.4.2 DEBILIDADES DO I PLAN DE INCLUSIÓN SOCIAL

Os seguintes son aspectos que se percibiron como limitativos e mellorables:

- Escaso **realismo** e **factibilidade** na formulación de obxectivos: Considerouse que unha formulación excesivamente ambiciosa no seu aspecto macro, pode ocultar a real potencialidade do plan no que se refire a eficacia dos seus dispositivos propios, centrados na intervención social sobre casos de difícil inserción.
- Falta de deseño dun instrumento de **planificación** rigoroso e fundamentado na análise da realidade social sobre a que se pretendía intervir. Observouse a carencia dunha planificación articulada e de profundización no coñecemento das **particularidades** de certos colectivos e territorios galegos, o que deu lugar a intervencións excesivamente xenéricas, apuntándose a conveniencia de avanzar na abordaxe de problemáticas específicas de grupos sociais e descubrir os diferentes niveis de necesidades segundo as zonas xeográficas e as diferentes realidades determinadas por outras variables, como o hábitat -urbano, semiurbano, rural, etc.
- **“Resultadismo laboral”**: Observouse unha redución ou simplificación do obxectivo inicial do Plan, a inserción social concibida de xeito integral, á incorporación laboral dos colectivos obxectos de atención. A tensión por presentar resultados e indicadores no nivel final do itinerario (inserción laboral), parece minusvalorar ou ocultar os logros acadados no aspecto de inclusión e axuste social das persoas, familias ou colectivos. Sen renunciar ao laboral, a inclusión é un **fenómeno moito máis complexo**, o que, por outra parte, parece entenderse mellor desde as propias instancias da Unión Europea.
- **Déficit de coordinación** entre os elementos/axentes do plan. No plan detectouse un déficit de coordinación, aspecto este que tende de seu a agravarse cando se trata de recursos humanos que dependen de diferentes administracións. A pesar da existencia formal de mecanismos correctores, esta tendencia no foi debidamente superada.
- Pola natureza da problemática enfrontada e pola propia formulación estratéxica, a **transversalidade** era unha característica esencial do plan. A pesar desto, observáronse carencias a este respecto tanto a nivel de dirección, como de execución das actuacións sobre o terreo.

- Clara **descompensación territorial** nos ámbitos de actuación deseñados, sendo principalmente no ámbito provincial onde esa diferenza se fai máis evidente. A este respecto abonda con comparar a capacidade de cobertura potencial dun equipo como Val Miñor -composto por tres concellos- con outros que daban cobertura a unha provincia enteira como Lugo ou Ourense. Esta desequilibrada distribución territorial contribuíu a un impracticable desenvolvemento correcto e axeitado do Plan, xa que a nivel provincial a ratio técnico/a- usuario/a foi moi elevada.
- Falta de capacidade de organización e financiamento de **accións formativas e de acompañamento ad-hoc**. Considerouse que o orzamento inicial foi claramente insuficiente desde a óptica principal do Plan, o propio obxectivo da inserción laboral da poboación destinataria foi determinado sen ter en conta todas as dificultades intrínsecas asociadas ao acceso ao mercado de traballo dos colectivos obxecto de atención (persoas en situación ou risco de exclusión e persoas con discapacidade), é dicir, sen articular adecuadamente mecanismos ou medidas *ad hoc* para acadar tal obxectivo.
- Necesidade de **mellora dos rexistros** que soportan o sistema de información: revisión das categorizacións empregadas e homoxeneización das prácticas de rexistro, e dos dispositivos para o seu tratamento.

3.4.3 BALANCE E PROSPECTIVA: DO I AO II PLAN

En relación coa análise e avaliación da formulación e execución do Primeiro Plan, cómpre formular e integrar no II Plan de Inclusión as melloras e propostas consideradas.

Partimos da necesidade e da decisión de articular un segundo Plan que recolla a experiencia do pasado, potenciando os seus valores e mellorando as súas carencias, procedendo a un impulso dos aspectos asociados á coordinación, realismo, diversificación, adaptación, financiamento e estrutura dos equipos, e mantendo as liñas de traballo iniciais xa consolidadas.

A partir desta decisión, formúlanse os desafíos que se tiveron en conta para a posta en marcha dun II Plan Galego de Inclusión Social:

- Dotar o Plan dun **rango** administrativo e un **liderado** institucional relevante como instrumento orientador de políticas públicas e favorecedor dunha transversalidade efectiva e non soamente teórica.
- Lograr unha **articulación eficaz coa rede dos Servizos Sociais de Atención Primaria** e unha **integración operativa** cos dispositivos de aplicación e tramitación da **Renda de Integración Social de Galicia**.
- Acadar unha efectiva **coordinación de recursos sociais** de diferente filia departamental presentes no territorio (Emprego, Educación, Saúde, etc.) nos métodos de traballo empregados coas persoas e grupos, desde unha perspectiva de optimización de recursos e de estratexia de traballo comunitaria.
- Establecer unha **dotación equilibrada** no territorio de equipos humanos e fondos para a execución de **programas de inserción** e acompañamento adaptados á realidade das persoas usuarias e ás posibilidades, potencialidades e limitacións das áreas de referencia.
- Integrar unha **atención selectiva** a determinadas formas de exclusión e colectivos desfavorecidos presentes na realidade social galega, convertendo o novo Plan nun “meta-plan”, que articule plans sectoriais enfocados a grupos afectados por factores específicos de vulnerabilidade.
- Aumentar de forma imprescindible e de maneira xeneralizada todos os **recursos orzamentarios, materiais e humanos**, destinados ao Plan.
- Implicar con maior intensidade as **entidades de iniciativa social** no desenvolvemento do Plan, non sen antes verificar a capacidade, calidade e solvencia técnica acreditada das organizacións, establecendo un **mapa de actuacións** a desenvolver polo terceiro sector que sexa **coherente e coordinado** coa intervención dos actores públicos do plan.
- Realizar un **estudo de necesidades** global seguido de **indagacións locais e socialmente focalizadas**, con especial atención á evolución dos grupos de risco, así como a exclusión territorial rural e urbana.
- Establecer **liñas estratéxicas de actuación**, realizando unha clara definición das accións destinadas a operativizalas, así como unha fixación de obxectivos concretos que faciliten a implantación dun sistema de avaliación continua, que introduza máis criterios cualitativos a nivel xeral.

- Construír un **sistema de información en rede**, a través de Internet, orientado principalmente ao rexistro e tratamento dos datos relativos a persoas participantes e actuacións que se realicen no marco do plan, coas seguintes directrices:
 - **Ampliar** a base de datos utilizada no I Plan Galego de Inclusión Social, a través do seu reforzo e adecuación ás novas necesidades do II Plan Galego de Inclusión Social, e actualizando os protocolos existentes e creando outros novos.
 - Crear un sistema de xestión en rede para **mellorar a utilidade** da información xerada polos equipos de inclusión sociolaboral (ampliación de funcionalidades e operatividade da aplicación do I Plan Galego de Inclusión Social).
 - **Facilitar a xestión** de casos ordeando e estruturando a información relativa aos itinerarios personalizados.
 - Permitir **consultas** en tempo real.
- Xerar un **marco normativo de Empresas de Inserción Laboral** (EIL) e promover a súa creación e impulso de maneira coordinada cos demais dispositivos e axentes públicos/as e privados/as que traballan na inserción sociolaboral de persoas con dificultades de acceso ao mercado de traballo.

4. FORMULACIÓN ESTRATÉXICA DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL

4.1. PRIORIDADES ESTRATÉXICAS

A política de inclusión social en Galicia enfróntase a grandes retos nos vindeiros anos, derivados de importantes cambios na estrutura social e da aparición de novas necesidades sociais, xurdidas do progresivo envellecemento da poboación e do incremento das taxas de dependencia, do cambio do modelo clásico de familia, das rápidas transformacións do mercado de traballo, da consolidación de desequilibrios territoriais e da aparición de novas formas de exclusión social.

Neste contexto de transformación social, os principais desafíos en materia de cohesión e inclusión social para o período 2007-2013 en Galicia pasan necesariamente por aliñarse coas seguintes prioridades estratéxicas:

- ✓ Asegurar que o desenvolvemento económico incorpore plenamente as necesidades da mellora da cohesión social e territorial.
- ✓ Reducir dun xeito significativo o número de persoas en situación de pobreza e exclusión social especialmente daquelas que se atopan en situacións extrema e persistente de pobreza.
- ✓ Minimizar a transmisión interxeracional da pobreza e da exclusión social.
- ✓ Mellorar o sistemas de protección social e o acceso aos servizos e equipamentos sociais de calidade para todos e todas.
- ✓ Mellorar o deseño, execución e avaliación das políticas específicas de inclusión.



4.2. MULTIDIMENSIONALIDADE DA EXCLUSIÓN E TRANSVERSALIDADE DAS POLÍTICAS DE INCLUSIÓN

A promoción da cohesión e inclusión social convértese polo tanto nunha prioridade do goberno galego, que se materializa nunha nova xeración de medidas e actuacións de forte incidencia social desenvolvidas nos diferentes ámbitos das políticas públicas.

Neste II Plan Galego de Inclusión Social reflíctense as máis significativas de entre esas **liñas de acción dos diferentes departamentos** do goberno da Xunta de Galicia, que teñen a súa propia dotación orzamentaria non consignada neste documento de formulación, pero que deben ser obxecto de sistemas de coordinación interdepartamental.

Ademais, este Plan recolle **liñas de acción específicas**, impulsadas polo propio plan e polo departamento responsable dos sistema de Servizos Sociais de Galicia, que xustifican a existencia dun orzamento propio e diferenciado, que conta con financiamento do **Fondo Social Europeo**.

O plan no seu conxunto ten por finalidade debilitar os factores de exclusión e atender aos colectivos máis desfavorecidos socialmente e afronta os procesos de inclusión desde unha formulación estratéxica centrada en dar respostas globais e integradas, tendo en conta o carácter multidimensional da pobreza e a exclusión social.

Se a pobreza e a exclusión social adoptan formas complexas e pluridimensionais é necesario recorrer a un amplo abano de políticas. O ámbito específico dos **servizos sociais**, así como as políticas de **emprego** e a modernización da protección social teñen un papel fundamental na redución das desigualdades, pero é necesario evidenciar a importancia doutros factores tales como a **vivenda**, a **educación** ou a **sanidade** como eixes estruturantes para a promoción da cohesión social e a prevención da exclusión.



A necesidade dun enfoque multidimensional, resulta polo tanto xustificada pola propia complexidade do fenómeno, caracterizado pola confluencia de múltiples factores e que deriva, en última instancia, na esixencia de abordalo de modo **transversal**, tanto no deseño como na aplicación de políticas públicas orientadas á mellora do benestar social.

Tendo en conta estes principios, o II Plan Galego de Inclusión ten o propósito expreso de contribuír á mellora da coordinación das distintas actuacións que se veñen realizando contra a exclusión social en tódolos ámbitos institucionais e sociais da Comunidade Autónoma. Desta maneira favorecerase o avance e consolidación dunha acción social de responsabilidade pública que asegure á cidadanía uns **mínimos vitais** tanto en relación cos seus ingresos como ao binomio **necesidades/opportunidades** no que atinxe á educación, sanidade, vivenda e, en xeral, ás condicións sociais de existencia, previndo a aparición da marxinalidade e atacando coherentemente todos aqueles factores que favorezan a exclusión social.

O **desafío da transversalidade** preséntase polo tanto como o máis importante á hora de reorientar as políticas de inclusión social. Esa transversalidade anima a formulación deste II Plan e debe pasar por unha complementariedade e coordinación das políticas dos diferentes departamentos, pero, tamén, por unha **transversalidade sobre o terreo**, na intervención social coas persoas en risco de exclusión, para o que resulta decisivo establecer estratexias que rendabilicen os recursos existentes e impulsen actuacións coordinadas e eficaces nos procesos individuais de incorporación social.

4.3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os obxectivos estratéxicos deste Plan establécense trala realización da análise e diagnóstico da pobreza e a exclusión social en Galicia no período comprendido entre 2001 e 2006, vixencia do anterior Plan de Inclusión, e a súa vez encádranse nas prioridades en materia de inclusión social e protección social establecidas pola Unión Europea nos cumios de Lisboa e Niza do ano 2000, revisados no 2006 e que son as seguintes:

- Asegurar a inclusión social activa de todos e todas promovendo a participación no mercado laboral e loitando contra a pobreza e a exclusión entre as persoas e colectivos máis marxinalizados.

- Garantir o acceso da cidadanía aos recursos, dereitos e servizos sociais básicos para a participación na sociedade.
- Asegurar a boa coordinación das políticas de inclusión, implicando a todos os niveis aos axentes públicos e privados pertinentes.

Entorno aos obxectivos estratéxicos do Plan, establécense os obxectivos específicos e as medidas concretas que desenvolverán, ou que xa están a desenvolver, as diferentes Consellerías implicadas na elaboración e execución do Plan e que constitúen o modelo global de atención á poboación en situación ou risco de exclusión social. No período 2007-2013, estes obxectivos son os seguintes:

- ✓ Garantir **recursos económicos mínimos** e o **acceso a uns servizos e equipamentos sociais de calidade**.
- ✓ Aumentar a **participación no emprego** dos colectivos máis arredados do mercado de traballo.
- ✓ Impulsar o acceso á **vivenda** das persoas con rendas baixas e socialmente desfavorecidas.
- ✓ Promover o **acceso á educación e á formación**, previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencia dos colectivos máis vulnerables.
- ✓ Fomentar a accesibilidade e o uso normalizado dos **servizos sanitarios** da poboación en situación ou risco de exclusión social.
- ✓ Promover a inclusión social activa de **colectivos** en situación grave de pobreza e exclusión social e a dinamización de **territorios** vulnerables.
- ✓ Favorecer a **conciliación da vida familiar e laboral** e a **atención á dependencia**.

4.3.1. GARANTIR RECURSOS ECONÓMICOS MÍNIMOS E MELLORAR O ACCESO AOS SERVIZOS E EQUIPAMENTOS DO SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS

Os cambios sociais e económicos acaecidos nos últimos anos esixen da política social cambios parellos nas medidas de acceso aos servizos e equipamentos dos Servizos Sociais, a promoción da inclusión social mediante actuacións integrais dos principais servizos públicos e a atención personalizada dos servizos sociais.

A **universalidade** do sistema de Servizos Sociais debe ser a principal característica do mesmo, en canto que as súas prestacións e servizos e deben estar dirixir a toda a cidadanía, pero asegurando, mediante **políticas de acción positiva**, que os programas, servizos e prestacións sexan realmente accesibles ás **persoas en situacións de maior necesidade**.

Os **Servizos Sociais de Atención Primaria** son a principal vía de entrada ao sistema galego integrado de servizos sociais. O desenvolvemento e consolidación deste sistema require da eliminación de barreiras no seu acceso que limitan a súa efectividade na loita contra a exclusión social e o reforzo dos seus equipamentos e servizos. Estes servizos conforman a rede básica para a detección de situacións de exclusión e, mediante este plan, son reforzados na súa efectividade polos equipos técnicos de inclusión social, para o desenvolvemento de actuacións específicas nesta materia.

Por outra parte cómpre emprender unha profunda **reforma** nos dispositivos da **RISGA**, de maneira que se superen os **efectos non pretendidos** observados na súa aplicación, tales como o efecto disuasorio da activación formativa e laboral, plasmada no feito de que as persoas usuarias do dispositivo son penalizadas cando obteñen calquera tipo de ingreso, incluídos os irregulares.

Resulta necesario articular e implantar un conxunto de **dereitos efectivos no ámbito dos servizos sociais**, que consolide un sistema sólido, visible e eficaz, diferenciado e equiparable aos sistemas educativo e sanitario. Neste sentido resulta unha actuación prioritaria, que se desenvolve en paralelo a este Plan, a aprobación dunha **nova Lei Galega de Servizos Sociais**.

Entre eses dereitos recoñecibles está o das persoas con déficits de autonomía persoal, beneficiarias do denominado sistema de atención á **dependencia** que o sistema galego de servizos sociais deberá integrar como unha parte substancial da súa estrutura prestacional. Esta atención á dependencia xerará un importante efecto colateral no eido da normalización e inserción no sistema laboral dun importante continxente de persoas, especialmente mulleres, que exercen como **coidadoras** en tarefas non consideradas ata agora como actividade profesional.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Incrementar de maneira territorialmente equilibrada a cobertura do sistema integrado de servizos sociais.

- ❖ Establecer un mapa de dotación de recursos sociais de acordo coas características de áreas sociais definidas en función de parámetros obxectivos que parta dunha rede estable de servizos sociais municipais de atención primaria baseados en equipos humanos de carácter interdisciplinar.
- ❖ Reducir os desequilibrios no acceso das persoas aos equipamentos de servizos sociais nas zonas rurais galegas.
- ❖ Establecer unha rede de centros de igualdade e do benestar para reforzo territorial das medidas activas nesta área de actuación.
- ❖ Establecer unha rede de centros de atención á dependencia.

2. Mellorar a calidade no funcionamento, especialización e complementariedade dos recursos públicos e privados do sistema galego integrado dos seus servizos e equipamentos.

- ❖ Establecer un sistema de coordinación (operativizado a través da implantación do propio plan e o seu equipo técnico coordinador) entre os sectores público e privado que traballan cos colectivos de exclusión social, procurando a non duplicidade das intervencións, así como a especialización e profesionalización das mesmas.
- ❖ Especializar a orientación dos servizos públicos, adoitando instrumentos e pautas de detección e intervención cada vez máis específicos para atender a colectivos nunha situación grave de pobreza.
- ❖ Detectar e intervir nos novos problemas sociais (integración/igualdade da muller, drogodependencias, atención á dependencia...).



- ❖ Aumentar os esforzos do sistema na prevención da cronificación e desencadeamento de condicionantes da pobreza nas persoas e unidades familiares.
- ❖ Profundar no coñecemento sobre o grao de información, uso e valoración da poboación en relación cos servizos sociais.
- ❖ Realizar campañas de información para procurar o coñecemento da cidadanía dos servizos e equipamentos públicos de tipo social.

3. Reformar o dispositivo de rendas mínimas en Galicia (RISGA) e a súa tramitación

- ❖ Modificar cunha metodoloxía participativa a Renda de Integración Social de Galicia, de maneira que se configure coma un dobre dereito: aseguramento dunha cobertura mínima de ingresos e apoio técnico e económico no proceso de activación/inserción (mellora da empregabilidade).
- ❖ Establecer unha coordinación real entre os actores do Plan de Inclusión e os tramitadores e técnicos da Renda de Integración Social de Galicia.

4.3.2. AUMENTAR A PARTICIPACIÓN NO EMPREGO DAS PERSOAS E DOS COLECTIVOS MÁIS ARREDADOS DO MERCADO DE TRABAJO

O desemprego supón unha das maiores causas de marxinación e de pobreza nas sociedades modernas, xa que incide dun xeito especialmente negativo sobre as persoas e colectivos máis desfavorecidos socialmente. **O traballo constitúe unha das dimensións máis importantes** nos procesos de inclusión social por ser a principal fonte de integración social. Neste sentido a remuneración do traballo é a principal vía para a obtención de rendas familiares, pero ademais a ocupación laboral constitúese como un importante mecanismo de participación social e de obtención de recursos para a satisfacción doutras necesidades vinculadas á calidade de vida.

A situación laboral en Galicia nos últimos anos, caracterízase por unha **baixada significativa e constante das taxas de paro**, pero a pesar destes datos favorables segue a existir un número importante de **persoas con dificultades notables para acceder ao mercado de traballo**. O acceso ao emprego destas persoas entre as que se atopan aquelas en situación de desemprego de longa duración, perceptoras da renda de integración social de Galicia, mozos e mozas con dificultades de inserción, maiores de 45 anos, mulleres que retornan ou buscan un primeiro emprego en idade serodia, e outras persoas que acumulan dificultades sociais e profesionais, constitúen unha prioridade absoluta no marco do II Plan Galego de Inclusión Social.

O II Plan quere traballar de maneira privilexiada co núcleo duro do paro estrutural. Para tal fin é fundamental un novo “*modus operandi*” entre os servizos de emprego e os servizos sociais e unha **axeitada coordinación das políticas e medidas de carácter normativo** impulsadas polos órganos responsables de ambos departamentos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Promover a incorporación e permanencia no mercado de traballo, especialmente dos colectivos altamente vulnerables, mediante medidas activas e preventivas que permitan mellorar a súa empregabilidade.

- ❖ Crear equipos de inclusión sociolaboral nas sete grandes cidades e en doce áreas comarcais, vinculados operativamente ao sistema de Servizos Sociais, co obxectivo principal de promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante a realización de itinerarios individualizados e integrais de inserción social, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.
- ❖ Desenvolver medidas de acompañamento social, e programas intermedios de capacitación e adquisición de hábitos sociais e laborais e de formación complementaria, para as persoas en risco ou situación de exclusión social, desde os servizos sociais e en colaboración coas ONGs.



- ❖ Potenciar a creación de aulas de intermediación laboral nas que se fomente e posibilite o uso das novas tecnoloxías para a busca activa de emprego.

- ❖ Implantar mecanismos de cooperación entre os Servizos Sociais e os servizos de información e orientación da Consellería de Traballo e das administracións locais.
- ❖ Promover programas específicos dirixidos á inserción laboral de persoas con discapacidade.

2. Establecer instrumentos de colaboración coas empresas para fomentar o emprego de persoas en situación ou grave risco de exclusión social e outros colectivos desfavorecidos, a través da mediación laboral.

- ❖ Poñer en marcha accións de sensibilización e formación en igualdade de oportunidades no emprego.
- ❖ Divulgar información sobre os recursos e medidas promotoras do emprego, como os incentivos á contratación por conta allea, de persoas pertencentes a colectivos con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo.
- ❖ Fomentar a Responsabilidade Social Corporativa, especialmente na súa dimensión interna, a través do compromiso da empresa coas súas persoas empregadas, e na súa dimensión externa, facilitando a realización de accións socialmente responsables no seu contorno local.
- ❖ Colaborar nos procesos de selección de persoal, facilitando candidaturas axustadas ao perfil demandados polas empresas.

3. Proporcionar contidos e programas formativos para a inserción laboral adaptados ás esixencias do mercado de traballo.

- ❖ Realizar estudos ocupacionais e do mercado laboral a nivel comarcal, que permitan novos viveiros de emprego e cambios no mercado de traballo.
- ❖ Elaborar un mapa de recursos de promoción económica e fomento do emprego nas áreas territoriais de intervención do Plan.



❖ Promover unha formación ocupacional adaptada ás características específicas das persoas pertencentes a colectivos en situación ou en grave risco de exclusión social, a través da flexibilización dos programas de formación e dos requisitos de acceso para cursar os mesmos.

4. *Establecer unha rede de persoal orientador vinculadas aos centros territorializados do servizo público de emprego para o acompañamento cara a inserción laboral de persoas con dificultades de inserción no mercado de traballo.*

- ❖ Implantar unha rede de persoal orientador vinculado á rede galega de oficinas de emprego.
- ❖ Incorporar unha metodoloxía de traballo baseada nos itinerarios personalizados de inserción laboral e referenciada á nova oferta de formación adaptada por comarcas.
- ❖ Establecer unha coordinación operativa co sistema de servizos sociais para a identificación de persoas usuarias e a complementariedade dos procesos.

5. *Impulsar o establecemento dun marco regulamentario de iniciativas e medidas destinadas a favorecer a inserción laboral de persoas pertencentes a colectivos con desvantaxe no acceso ao mercado de traballo.*

- ❖ Implantar e desenvolver a normativa reguladora de empresas de inserción na Comunidade Autónoma de Galicia para a regulación de iniciativas de economía social.
- ❖ Aprobar medidas de mellora real da igualdade laboral das mulleres.

4.3.3. PROMOVER O ACCESO E MANTEMENTO DA VIVENDA DE PERSOAS CON RENDAS BAIXAS E SOCIALMENTE DESFAVORECIDAS



O acceso a unha vivenda digna é unha condición esencial para a integración e a participación social, a carencia ou a perda da mesma conduce en moitos casos a situacións de exclusión social e dificulta factores tan diversos como a formación de novos fogares, a emancipación xuvenil ou a mobilidade xeográfica.

Garantir o acceso a unha vivenda asequible e de calidade é unha necesidade e un dereito básico que segue constituíndo un reto significativo da política social.

En contextos sociais coma o galego, caracterizados por fenómenos como o da pobreza rural difusa ou a exclusión territorial, a infravivenda rural preséntase como un dos principais desafíos á hora de dignificar a vida dos sectores de poboación que habitan os territorios en declive socio-demográfico. Desde ese punto de vista as accións positivas en vivenda son parte dunha acción transversal das políticas públicas a favor da inclusión xunto co desenvolvemento rural, o emprego e o propio sistema de Servizos Sociais.

De acordo coas prioridades estratéxicas do plan, ademais, cómpre unha especial consideración á importancia que, para a ruptura das segregacións físicas e da perpetuación da exclusión social, teñen as políticas de acceso e normalización da vivenda das familias con fillos/as. Aquela segregación actúa, en definitiva, como un dos principais factores de transmisión interxeracional da pobreza e, en definitiva, da existencia e aumento da pobreza infantil.

Por último cómpre facer unha mención especial a un dos problemas sociais emerxentes, como é o da exclusión da xente moza e de sectores de poboación subempregada, situacións ambas relacionadas non só co deterioro da calidade do emprego, senón coa dificultade de acceso a unha vivenda a un prezo asumible.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1. Establecer un marco xeral de acción positiva que facilite o acceso á vivenda da poboación con menos recursos e dos colectivos en risco de exclusión social***



- ❖ Incremento das axudas para adquisición de primeira vivenda de calidade a chabolistas e emigrantes retornados/as, a adquirentes con baixos ingresos, ás mulleres con cargas familiares non compartidas, as familias monoparentais, ás familias con persoas con discapacidade, aos maiores e familias cun maior a cargo e por primeira vez ás vítimas da violencia de xénero ou do terrorismo.
- ❖ Subvencións, a solicitantes con ingresos que non excedan en 1,5 veces o IPREM, de ata o 25% do prezo total da vivenda (cunha contía máxima de 17.000 Euros), cando se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Utilización, durante polo menos os dous anos anteriores ao momento da solicitude, de chabolas como única vivenda (acreditado co informe social correspondente).
 - Ser emigrante galego/a retornado/a en especial situación de necesidade.
- ❖ Axudas á vivenda en aluguer, na procura de que a vivenda deshabitada cumpra unha función social. Contrato de xestión coas persoas propietarias que garanta os seus dereitos e facilitación do acceso a este mercado de demandantes sen outra vivenda. Axudas a inquilinos/as coa contía xeral da diferenza entre a renda anual de aluguer e o 30% dos ingresos ponderados anuais da unidade familiar.

2. Mellorar as oportunidades de acceso á vivenda de familias con fillos

- ❖ Apoio a familias con fillos/as e con ingresos medios ou baixos. Incremento das axudas para a adquisición de vivenda ás **familias numerosas**.
- ❖ Posta en marcha dunha nova liña de axudas para **familias cun ou dous fillos/as** adquirentes da súa primeira vivenda.

3. Mellorar as oportunidades de acceso a unha vivenda digna e de calidade para xente moza (18 a 35 anos) con ingresos insuficientes

- ❖ Apoio ao **alugueiro** para xente moza con ingresos inferiores a 3,5 veces o IPREM, mediante axudas aos promotores de aloxamento de 40 a 50 m² de superficie útil.
- ❖ Medidas de apoio económico á xente moza para **adquisición** da súa primeira vivenda de 40 a 50 m² de superficie útil ademais de gastos de constitución ou subrogación da hipoteca e outros gastos de entrada.

4. Establecer un marco de apoio financeiro aos concellos galegos para a superación das situacións de infravivenda rural e para a rehabilitación de vivenda rural.

- ❖ Apoio a rehabilitación, reconstrución da infravivenda ou nova construción nos propios terreos das persoas afectadas, mediante o apoio do 80% do orzamento das obras en concellos de menos de 50.000 habitantes e do 65% no resto, cun máximo de 30.000 euros para rehabilitación e 45.000 euros para nova construción.
- ❖ Apoio ao acondicionamento ou construción de novas vivendas en terreos do concello.
- ❖ Liña de axudas para a rehabilitación de vivenda rural, baseada en criterios de calidade, conservación do patrimonio e fomento da ocupación da vivenda e revitalización rural. Axudas a fondo perdido a persoas que habiten no rural con ingresos de ata 3.5 veces o IPREM e unha contía máxima do 40% do orzamento executado.

5. **Erradicar o chabolismo.**

- ❖ Apoio aos concellos para a adquisición de vivendas novas ou usadas para o realoxamento das persoas chabolistas (ata o 80% do custo en concellos de menos de 50.000 habitantes).
- ❖ Promoción privada de vivenda pola Consellería de Vivenda e Solo en terreos postos a dispor polo concello e posterior transmisión ao mesmo por un prezo que non excederá o 75% do custe de execución.
- ❖ Promoción de vivendas polos concello ou outros promotores públicos.
- ❖ Subvención de alugueiros: ata o 80% do importe en concellos de menos de 50.000 habitantes e 65% nos restantes. Máximo de 300 Euros/mes por vivenda en ambos casos.
- ❖ Incluír nos programas de realoxamento actuacións de sensibilización da poboación xeral e de acompañamento coas poboacións a realoxar.
- ❖ Desenvolvemento de actuacións específicas para acadar o acceso e permanencia das familias xitanas a vivendas de aluguer no marco da Bolsa de Vivenda e das políticas xerais de accesibilidade social.

6. **Rehabilitación de inmobles en áreas urbanas de rehabilitación**

- ❖ Apoio a concellos en áreas de rehabilitación integral.
- ❖ Apoio a concellos en áreas de rehabilitación de centro histórico.

4.3.4. PROMOVER O ACCESO Á EDUCACIÓN E A FORMACIÓN, PREVINDO O FRACASO ESCOLAR E AUMENTANDO OS NIVEIS DE COMPETENCIAS

A política educativa configúrase como un dos elementos máis importantes na prevención de situacións de exclusión e ten un papel preponderante na corrección de desigualdades. É innegable que o incremento do nivel formativo da poboación galega ten efectos moi positivos na redución dos riscos de exclusión social.

Para alcanzar unha educación con equidade é imprescindible garantir a igualdade de oportunidades para todos e previr as desvantaxes educativas no sistema escolar.

Por este motivo considérase necesario impulsar medidas educativas que permitan reducir o fracaso escolar, incrementar o número de alumnado que sae do sistema educativo cunha formación cualificada que contribúa a súa inserción social e profesional e desenvolver e ampliar a aprendizaxe permanente da poboación adulta.

A este respecto cómpre indicar que a Lei Orgánica de Educación 2/2006, de 3 de maio (LOE), xa no seu preámbulo, desenvolto no Capítulo I, artigo 1, e máis explicitamente no Título II, referido á Equidade na Educación, determina que o sistema educativo español, de acordo cos valores da Constitución, garantirá a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación actuando como elemento compensador de desigualdades.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Reforzar a escolarización temperá.

- ❖ Garantir a escolarización dos/as menores de familias desfavorecidas no 2º ciclo de educación infantil (3-6 anos).

2. Reducir a taxa de abandono escolar prematuro, o absentismo e o fracaso escolar.

- ❖ Potenciar a atención á diversidade nos centros educativos e desenvolver plans, programas e actuacións que contribúan ao logro deste obxectivo.
- ❖ Potenciar a orientación académica e profesional, para que o alumnado, de acordo coas súas potencialidades persoais e as súas necesidades, teña acceso á información precisa da oferta existente para a continuidade da súa formación.
- ❖ Garantir unha oferta educativa flexible adaptada as necesidades do alumnado en casos de baixo rendemento ou risco de abandono escolar.

3. Mellorar os niveis educativos da poboación adulta, estimulando a súa reincorporación ao sistema educativo.

- ❖ Potenciar a participación das persoas en situación de exclusión analfabetas ou con baixos niveis de estudos nos programas de educación de persoas adultas.
- ❖ Adaptar as condicións de acceso e os horarios da oferta educativa para adultos/as ás necesidades do alumnado.
- ❖ Reforzar os apoios a educación mediante becas e outros recursos e difundir o seu coñecemento para garantir o acceso os mesmos de tódalas familias.
 - Facilitarase información sobre as becas e axudas económicas existentes e tratarase de simplificar os trámites para as familias con un baixo nivel cultural que dificulte o acceso a estes recursos.
 - Estableceranse axudas para a adquisición de material escolar en tódolos niveis educativos para familias con baixos ingresos.
- ❖ Crear canles de colaboración e coordinación entre os servizos educativos e os servizos de inclusión para adoptar medidas adaptadas a cada problemática optimizando os recursos dispoñibles.

4.3.5. FOMENTAR A ACCESIBILIDADE E O USO NORMALIZADO DOS SERVIZOS SANITARIOS DA POBOACIÓN EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

O acceso efectivo de tódalas persoas aos cuidados de saúde constitúe un dereito social básico e un dos principais elementos de cohesión social. A adecuada cobertura sanitaria das persoas máis excluídas e a mellora do seu nivel de saúde desempeña un papel preponderante na compensación doutras carencias materiais.

Neste eido e a pesar das melloras cualitativas e cuantitativas rexistradas nos últimos anos, continúan a verificarse carencias relevantes respecto a garantía de acceso aos cuidados de saúde por parte de certos grupos sociais como son as minorías étnicas, os inmigrantes e as persoas privadas de autonomía.

A Enquisa de Condicións de Vida do ano 2004, realizada polo IGE, reflicte o feito de que as persoas de baixos ingresos manifestan ter peor saúde. Un 22 por cento dos pobres maiores de 16 anos di ter saúde mala ou moi mala, especialmente mulleres (26 por cento) e maiores de 65 anos (54 por cento), e peor acceso aos servizos sanitarios. Malia ser a sanidade unha prestación universal, o colectivo pobre enfrenta maiores problemas de tempo e de transporte para acudir ao médico, máis da metade non puideron acudir a consulta médica cando o precisaban, ademais de ter máis medo ou confiar en maior medida na autocura. Tamén a poboación pobre padece máis ca ninguén a baixa cobertura da atención bucodental no sistema de Seguridade Social, un 12 por cento non puido acudir ao dentista cando o precisaba, dos que tres cuartas partes alegaron motivos económicos. Pódese constatar que existe, por parte de colectivos en situación de exclusión, unha visión subxectiva negativa sobre a súa saúde e un exercicio significativamente irregular do seu dereito debido a certas barreiras que dificultan o acceso real aos servizos sanitarios.

É necesario, polo tanto, reforzar a conexión entre as necesidades dos colectivos máis desfavorecidos e os dispositivos sanitarios existentes, co fin de potenciar un uso dos recursos do sistema sanitario nos mesmos termos que a poboación xeral.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. *Mellorar a accesibilidade á rede sanitaria de colectivos socialmente desfavorecidos co fin de que poidan acadar un uso normalizado dos servizos e equipamentos de saúde.*

- ❖ Facilitar que todas as persoas en situación de exclusión dispoñan de tarxeta sanitaria como paso previo a un acceso normalizado ao sistema de saúde.
- ❖ Desenvolver programas conxuntos de sensibilización e información entre o sistema sanitario e os servizos sociais para divulgar o coñecemento e uso dos recursos sanitarios por parte da poboación socialmente desfavorecida.
- ❖ Crear canles de comunicación permanente entre os servizos de atención primaria de saúde e os servizos sociais.

2. *Mellorar a protección sanitaria a través da cobertura de prestacións específicas a persoas en situación de exclusión.*

- ❖ Subvencionar a compra de axudas técnicas visuais, auditivas, ortopédicas, así como gastos de farmacia, para persoas excluídas.
- ❖ Avanzar no coñecemento da exclusión no ámbito da saúde e identificar as necesidades sanitarias concretas de grupos desfavorecidos e de zonas con especiais dificultades.

3. *Desenvolver programas de atención específica para colectivos en situación de alto risco e favorecer a súa promoción sociolaboral.*

- ❖ Incrementar os programas de educación para a saúde, educación sexual e a promoción de hábitos de vida saudables para colectivos en situación ou risco de exclusión social, prioritariamente en zonas vulnerables.
- ❖ Establecer actuacións conxuntas co Plan Autonómico de Drogas para desenvolver actuacións complementarias que promovan a inserción sociolaboral das persoas a tratamento de drogodependencia.
- ❖ Definir actuacións conxuntas e complementarias co Plan Estratéxico de Saúde Mental 2006-2010, que faciliten os procesos de inserción sociolaboral das persoas con enfermidade mental.

- ❖ Crear equipos de intervención específicos para enfermos mentais sen fogar garantindo un traballo continuado na rúa.
- ❖ Achegar as mulleres socialmente desfavorecidas aos programas de anticoncepción e prevención de embarazos non desexados.
- ❖ Impulsar o acceso do colectivo de mulleres excluídas ao programa de detección precoz de cancro de mama.
- ❖ Coordinar actuacións de mellora da autonomía das persoas dependentes.

4.3.6. PROMOVER A INCLUSIÓN SOCIAL DE COLECTIVOS EN SITUACIÓN GRAVE DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL E A INTERVENCIÓN SOCIAL EN TERRITORIOS VULNERABLES

A evolución das medidas e instrumentos de loita contra a pobreza e a exclusión social desenvolvidos en Galicia nestes últimos anos, deriva necesariamente nunha especialización das políticas sociais e, en consecuencia, na adopción de enfoques centrados na atención específica e adaptada a colectivos e territorios vulnerables con características diferenciais.

O II Plan de Inclusión Social adoita unha perspectiva territorial e multidisciplinar na súa estratexia de intervención, co obxectivo de afrontar situacións de desigualdade nas áreas rurais galegas, fomentar a súa organización comunitaria e dinamizar a creación e regularización do emprego, especialmente o feminino. O enfoque territorial desta estratexia contempla, ademais, a intervención en áreas urbanas cunha alta concentración de factores asociados á exclusión social. Para evitar o deterioro destas zonas e previr situacións de conflito, determínase como instrumento clave da metodoloxía o desenvolvemento de accións de intervención propias do traballo social comunitario e o establecemento de fórmulas que reforcen a coordinación entre os diferentes niveis de Servizos Sociais e as entidades de iniciativa social, veciñal e empresarial da área de referencia.

Na mesma liña, o II Plan de Inclusión desenvolverá programas específicos, baseándose nas necesidades detectadas ao longo do período de execución do Plan anterior nas estratexias de intervención con colectivos vulnerables determinados.

No ano 2000 residían en Galicia un número aproximado de 8.417 persoas xitanas⁵, distribuídas en 46 concellos. A poboación xitana representa o 0,31% da poboación galega. Co obxectivo de abranguer as diferentes problemáticas sociais e reducir as desvantaxes deste colectivo respecto ao resto da poboación, faise precisa a promoción dun plan integral de inclusión socio-laboral e desenvolvemento da poboación xitana, tradicionalmente excluída dos ámbitos formativos e laborais, que en determinadas zonas supoñen o grupo étnico maioritario dos perceptores de rendas mínimas.

Por outra banda, na Comunidade Autónoma galega unhas 1.500 persoas sen fogar acudiron a algún dos 37 centros, tanto públicos como privados, identificados polo INE que ofertan servizos de aloxamento ou restauración nalgún concello galego durante o ano 2004⁶.

A inclusión e reincorporación social destas persoas severamente excluídas, máis alá da cobertura das necesidades básicas, ten que pasar por estratexias de recuperación da autoestima, actualización formativa e recuperación da motivación. Neste sentido, formularase o desenvolvemento dun necesario e novo modelo de atención as persoas sen fogar e as persoas en situación de exclusión e pobreza cronificada.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Promover a inclusión e a autonomía persoal nas áreas rurais deprimidas, mediante programas integrais que fomenten o partenariado e a cooperación social organizada.

- ❖ Crear alternativas de inclusión socio-laboral adaptadas ao medio rural en risco de desertización humana e exclusión.
- ❖ Fomentar e apoiar iniciativas integrais de desenvolvemento local/rural favorecendo a integración laboral, especialmente de mulleres inactivas ou desempregadas e poboación moza.

⁵ A comunidade xitana en Galicia 1990-2000; Xunta de Galicia, 2003

⁶ Datos da Enquisa sobre persoas sen fogar (EPSH) do Instituto Nacional de Estatística.



❖ Converter a acción social de atención á dependencia nun factor de inclusión socio-laboral, fixando poboación e mellorando as rendas familiares e a calidade de vida no contorno social.

2. *Previr a exclusión socio-laboral e a inadaptación social en áreas urbanas especialmente vulnerables mediante estratexias comunitarias de barrio.*

- ❖ Desenvolver accións con carácter preventivo de intervención, seguimento e titorización de mozos e mozas en risco de exclusión.
- ❖ Xerar oportunidades de formación e educación en medio aberto para colectivos vulnerables (especialmente xuvenís) nos barrios das cidades.
- ❖ Previr a inadaptación e conflito social en grupos de alto risco.
- ❖ Dinamizar a vida comunitaria e asociativa, a través do fortalecemento de redes sociais e institucionais.

3. *Aumentar a participación social e laboral das persoas pertencentes á comunidade xitana*

- ❖ Realización e posta en marcha dun Plan Galego de Convivencia Intercultural, Inclusión e Desenvolvemento da comunidade xitana.

4. *Procurar a reincorporación social das persoas sen fogar e daquelas que se atopan en situación de exclusión e pobreza cronificada.*

- ❖ Desenvolver programas locais de calidade na de atención, formación e reincorporación social e laboral, coa colaboración de ONGs e entidades de iniciativa social.
- ❖ Crear e desenvolver unha **rede de equipamentos** para reforzar os xa existentes na atención de persoas en situacións graves de pobreza e exclusión.
- ❖ Desenvolver un marco normativo sobre a tipoloxía de recursos para persoas en situación de emerxencia e exclusión social, así como requisitos materiais e funcionais nestes centros.

4.3.7. PROMOVER A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, PERSOAL E FAMILIAR E APOIAR A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

Un dos cambios máis relevantes dos últimos anos na estrutura social galega é a progresiva incorporación das mulleres ao mercado de traballo, que cada vez é mais xeralizada. Sen embargo, a atención e coidado dos/as fillos/as, das persoas maiores e con discapacidade seguen a ser desempeñados na meirande parte por mulleres o que propicia unha sobrecarga de tarefas para as mesmas. Este feito supón a necesidade dun novo marco de cooperación nas relacións sociais que permita un reparto equilibrado de responsabilidade para unha efectiva conciliación da vida profesional e privada.

Os datos estatísticos da *Enquisa de Condicións de Vida* realizada polo IGE para o ano 2004, reflicten que nos fogares con menores de 16 anos o risco de pobreza relativa é do 17 %, dous puntos superior a media dos fogares galegos, que se atopa preto dun 15%. Este risco de pobreza relativa experimenta un elevadísimo incremento para os fogares monoparentais, normalmente “monomarentais”, con menores de 16 anos que se sitúa en case o 33%.

Estas cifras xustifican a necesidade de potenciar as políticas de apoio as familias e as de conciliación da vida laboral, persoal e familiar que son cada día máis necesarias e imprescindibles para un número crecente de familias, para facer fronte as necesidades de combinar a vida persoal e familiar coa actividade profesional, ao tempo que contribúen a reducir as taxas de pobreza infantil (permitindo o aceso dos pais e nais ao emprego), e as desvantaxes na educación dos/as menores..

Os obstáculos que supón o coidado de persoas dependentes no acceso ao mercado de traballo e no mantemento do emprego son, a miúdo, solventados a través da rede de apoio familiar e social e coa compra de servizos para a atención requirida. No caso das familias en situación ou risco de exclusión, a primeira das opcións é a máis recorrida debido aos seus escasos recursos para acceder á segunda, por iso as posibilidades de abandonar o emprego ou de non realizar actividades para a mellora da súa empregabilidade son maiores.

A desocupación por motivos de coidado de fillos/as ou familiares dependentes e realización das tarefas domésticas implica para a persoa o desenvolvemento dun traballo que non está remunerado nin protexido ante situacións como enfermidade, invalidez, vellez e, ademais, tampouco está recoñecido a nivel social. Estes feitos sitúan en condicións de desvantaxe á persoa coidadora, a medio prazo, cara á súa reincorporación ao mercado laboral, e, a longo prazo, cara á percepción de rendas por contribución na súa xubilación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Aumentar e mellorar os servizos de atención a nenos e nenas menores de 3 anos, especialmente os da rede pública galega.

- ❖ Incrementar a oferta de prazas públicas nun 60% para a etapa de 0-3 anos, así como a calidade deste recurso.
- ❖ Aumentar o horario ofertado polas escolas infantís públicas.
- ❖ Ofertar servizos para o coidado de menores como apoio á conciliación: Creación da Rede de canguras/os e promoción de máis Ludotecas.

2. Promover entre o empresariado a instauración de medidas para a conciliación da vida laboral, persoal e familiar do seu persoal.

- ❖ Organizar cursos de formación dirixidos ao sector empresarial.
- ❖ Implantar mecanismos de recoñecemento para as empresas que reorganicen o seu traballo para instaurar medidas de conciliación das que se beneficie o seu persoal.
- ❖ Editar unha guía de boas prácticas en corresponsabilidade empresarial.
- ❖ Habilitar un espazo web dedicado á corresponsabilidade empresarial, que sensibilice sobre as súas vantaxes e sirva como referente na materia.
- ❖ Ofertar a unha mostra de 50 empresas un servizo de diagnóstico e asesoramento na elaboración dun plan de corresponsabilidade á medida.



3. Ofertar ás persoas beneficiarias do Plan medidas e servizos que directamente incidan na súa dispoñibilidade para a participación social e laboral.

- ❖ Ofertar servizos para o coidado de menores como apoio á conciliación: Creación da Rede de canguras/os para a atención de menores de 0 a 13 anos no domicilio familiar.

5. ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL

Na estrutura, organización e metodoloxía do presente plan incorpóranse os criterios expostos ao longo dos apartados anteriores, asumindo expresamente os seguintes presupostos básicos na súa formulación:

- **Posibilitar a consolidación dos logros** e saber facer acumulado durante a execución do I Plan Galego de Inclusión Social
- Dar un **novo impulso á integración** e coherencia das políticas activas de inclusión coa rede de **servizos sociais de atención primaria** radicados nos concellos galegos e cos dispositivos da **Renda de Integración Social de Galicia** (RISGA), de maneira que se posibilite a anticipación ás situacións de exclusión, dando respostas de calidade ás necesidades emerxentes da cidadanía desde a proximidade.
- Mellorar a **cobertura territorial**, as **dotacións materiais**, as posibilidades de deseño de **itinerarios personalizados** de inserción socio-laboral e de **complementariedade e coordinación**, mediante a participación do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar.
- **Integrar e complementar a estratexia de inclusión social e de atención á dependencia**, especialmente nas áreas territorialmente excluídas.
- Incidir na mellora da inclusión social de **colectivos e grupos “crónicamente” vulnerables**.
- Fomentar a **participación das organizacións** de solidariedade e iniciativa social (ONGs) no desenvolvemento das actuacións contempladas no plan.

5.1. ESTRUTURA BÁSICA

Para a súa implantación e logro dos seus obxectivos, o Plan estrutúrase mediante **tres eixes** básicos:

A) **A activación de dispositivos propios do plan:**

Son recursos humanos e materiais distribuídos polo territorio que supoñen unha achega propia do Plan Galego de Inclusión para a posta en marcha dunha estratexia de actuación directa en favor de persoas e grupos en situación ou risco de exclusión social.

Estes recursos son, basicamente:

- ❖ Un equipo técnico de coordinación.
- ❖ Os equipos técnicos de inclusión socio-laboral: equipos de concellos e do Consorcio Galego da Igualdade e do Benestar.
- ❖ Recursos económicos para execución de proxectos de inserción e accións de acompañamento.

A posta en marcha destes recursos asignados a demarcacións territoriais definidas, posibilita:

- a) Unha estratexia coordinada dos tres subsistemas de servizos sociais que inciden no obxectivo da cohesión e inclusión a nivel comunitario: os Servizos Sociais de Atención Primaria, os dispositivos RISGA e o propio Plan de Inclusión.
- b) A actuación transversal no contorno local e comunitario, activando sistemas de cooperación efectiva cos servizos e recursos locais que incidindo no benestar e na inclusión, teñen unha dependencia administrativa diferente.
- c) Reforzo dos procesos individuais e familiares de inclusión mediante a metodoloxía dos itinerarios personalizados.

- B) A Coordinación con outros ámbitos** que desenvolven políticas de benestar, singularmente as Consellerías de Vivenda, Traballo, Educación, Sanidade, Medio Rural e Inmigración, asegurando deste xeito a necesaria transversalidade na actuación sobre un problema de natureza multidimensional. No apartado anterior especificáronse as actuacións dos diferentes departamentos.
- C) A execución de accións positivas con colectivos e territorios**, nos que se observa unha persistencia de condicións que determinan a súa vulnerabilidade. Desde esta perspectiva o plan adopta a forma de “metaplan”, na medida en que incorpora e articula plans específicos enfocados a determinados sectores: comunidade xitana, colectivo “sen teito”, áreas rurais excluídas, persoas reclusas, etc.

Na intervención nestes eixos básicos involúcranse diferentes actores:


1. Os servizos técnicos e administrativos da **Vicepresidencia** da Igualdade e do Benestar.
2. O persoal técnico da rede de equipos (de **corporacións locais** e do **Consortio** Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar).
3. A rede de **Servizos Sociais municipais de Atención Primaria**.
4. Os **departamentos administrativos** que xestionan os diferentes ámbitos do benestar/inclusión social.
5. A rede de entidades de **Iniciativa Social** involucradas na xestión de programas.

5.2. ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA

Na articulación dos tres eixes sobre os que se estrutura (dispositivos propios de carácter xeralista; ámbitos do benestar dependentes de departamentos diferentes; acción positiva sobre colectivos destinatarios) radica boa parte do éxito do plan.

No gráfico seguinte exprésase o organigrama básico dos dispositivos propios do Plan que se referencian ao departamento impulsor do mesmo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

ORGANIZACIÓN BÁSICA DO PLAN



5.2.1. DIRECCIÓN

Corresponde á Secretaría Xeral de Benestar a alta dirección do plan, articulándose esta, concretamente, a través da Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais, que forma parte de Dirección Xeral de Acción Social.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Acción Social

Establecerase un **comité de dirección estratéxica** do plan no que se integrarán representantes das institucións participantes.

5.2.2. COORDINACIÓN TÉCNICA

A principal ferramenta específica no marco do Plan é a rede de equipos de inclusión sociolaboral, baixo a coordinación técnica do Equipo Coordinador. Serán as principais funcións do **equipo técnico de coordinación**, as seguintes:

- ❖ A coordinación técnica, dinamización e apoio dos equipos de inclusión socio-laboral comarcais dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de acordo cos protocolos, criterios, programas e actuacións concretas a desenvolver.
- ❖ Apoio técnico na coordinación e dinamización do conxunto de actuacións que constitúan o II Plan Galego de Inclusión Social.
- ❖ Elaboración e perfeccionamento do manual de procedemento e dos protocolos de actuación e de coordinación de uso común no desenvolvemento do II Plan Galego de Inclusión Social.
- ❖ Accións de motivación, mediación, coordinación, seguimento e apoio técnico ao persoal que traballe nos equipos de inclusión socio-laboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, se é o caso, ao conxunto de persoal do II Plan Galego de Inclusión Social.
- ❖ A planificación, impulso, coordinación e avaliación de propostas formativas e de accións de acompañamento para persoas participantes do plan nas diferentes áreas do territorio.
- ❖ Deseño, elaboración e aplicación dunha metodoloxía de avaliación axustada ás demandas de información do Fondo Social Europeo e das diversas administracións implicadas.
- ❖ Deseño, mantemento e utilización de ferramentas e sistemas de procesamento de información en relación co seguimento e control da xestión do Plan de Inclusión, así como a formación do persoal técnico do Plan para a utilización dos sistemas e programas necesarios.
- ❖ A contabilización e tramitación dos gastos producidos polo persoal dos equipos do Plan dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ❖ Tramitación da xustificación económica e informes anuais que permitan o seguimento do estado de execución financeira.




❖ Apoio á xestión do persoal dependente dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

- ❖ A difusión xeral do Plan e, en xeral, a preparación de publicacións con información relevante sobre a execución do mesmo.
- ❖ A organización de eventos e actividades de sensibilización, divulgación e intercambio de experiencias sobre a inclusión social.
- ❖ A preparación e execución do plan anual de formación para o persoal técnico do plan de inclusión.
- ❖ Cantas outras se lle encomenden en relación coa mellora da eficacia e eficiencia dos dispositivos e estratexias postos en marcha para o cumprimento dos obxectivos do plan de inclusión.

5.2.3. EQUIPOS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL: METODOLOXÍA DA INTERVENCIÓN⁷

Os **equipos de inclusión sociolaboral**, sobre unha base territorial definida, local ou comarcal, desenvolverán as intervencións con persoas, familias e grupos en risco de exclusión.

⁷ Para unha información máis completa sobre a metodoloxía de intervención dos equipos de inclusión sociolaboral, consúltase o documento anexo "*Manual de procedemento e protocolos do II Plan Galego de Inclusión Social*"



Para tal fin coordinaranse cos Servizos Sociais de Atención Primaria e coas Unidades Técnico- Administrativas da RISGA, de maneira que se complementen e reforcen o procesos de inserción social das persoas usuarias do sistema de Servizos Sociais. O seu papel no marco dunha reforma da propia Renda de Integración Social de Galicia que potencie a súa función de dispositivo para o reforzo e o estímulo dunha activación tecnicamente acompañada, vai resultar decisivo.

Así mesmo, os equipos, detectarán outros posibles grupos vulnerables e intervirán sobre eles en coordinación cos servizos e recursos dependentes doutras áreas departamentais con salientable incidencia no benestar e integración social, nomeadamente, Traballo (rede de recursos para a orientación e intermediación do Servizo Galego de Colocación); Educación, Vivenda e Sanidade.

A metodoloxía básica de intervención desenvolvida por estes equipos parte do entendemento dos procesos de exclusión social como debilitamento e ruptura dos vínculos entre a persoa e o contorno social. A inclusión/exclusión é un proceso, polo tanto, multifactorial, como o é a natureza daquel vínculo e a propia vida das persoas, de maneira que se entrecruzan factores "clásicos" como os de carácter económico e laboral, ou os que teñen que ver coa socialización, educación e formación, redes familiares, estigmas e marcas de clase ou grupo, etc., xunto con outros que actúan como novos compoñentes da exclusión, tales como a privación no acceso ás novas tecnoloxías e as circunstancias xeográficas e espaciais que se derivan dunha acelerada tendencia ao desequilibrio entre territorios.

Por iso cómpre consolidar unha estratexia interdisciplinar e transversal que actúe de maneira compensatoria, como unha acción positiva, estruturada e eficaz, para a igualdade real de oportunidades.



Desta maneira o proceso de inclusión que se pretende coas persoas participantes do plan é un acompañamento programado e consensuado que desenvolva capacidades (capital humano e empregabilidade) e/ou facilite oportunidades reais para que as persoas se sitúen en condicións de exercer os seus dereitos e participar plenamente da vida social.

En consecuencia a intervención procurará:

- O desenvolvemento e axuste persoal.
- A motivación e corresponsabilización no proceso.
- A capacitación básica.
- A mellora da calidade do vínculo social, da autoimaxe e da identidade cultural.
- A mellora da empregabilidade.
- A inserción laboral.

Eses contidos da intervención son expresivos dos denominados **itinerarios de inclusión social**, que son un referente metodolóxico para os equipos que van desenvolver o presente plan. Os itinerarios das persoas non se conceptualizarán como lineais, senón como **procesos** que entenderanse **flexibles e adaptados** ás condicións, ás capacidades e ás limitacións de cada participante.

A actuación dos equipos de Inclusión sociolaboral dará unidade e coherencia ao plan mediante o desenvolvemento daqueles itinerarios individualizados e integrais de inclusión, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Os itinerarios individualizados de inclusión, previo diagnóstico social e profesional, serán deseñados polo equipo coa participación activa das persoas destinatarias, adecuándoos ás características persoais, sociais e laborais das mesmas. En todo caso os itinerarios estableceranse para actuar sobre todas as carencias das persoas beneficiarias e nos tempos que o seu diagnóstico aconselle. Incluirán un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego e cando as circunstancias o requiran, actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais.

A **metodoloxía de intervención** deberá estar configurada polos seguintes **elementos**:



➤ Definición de obxectivos persoais, sociais e laborais.

- Establecemento dun contrato ou compromiso.
- Determinación dos recursos a empregar.
- Programación das actividades.
- Avaliación e seguimento do proceso.

Os **equipos de inclusión sociolaboral**, en suma, desenvolverán a seguinte tipoloxía de intervención no marco do plan, que comprenderá, entre outras, as funcións que de seguido se especifican:

A. Intervención con persoas, en coordinación operativa cos dispositivos do sistema galego de servizos sociais (RISGA e Servizos Sociais de Atención Primaria municipal).

- Información sobre recursos.
- Orientación social e laboral.
- Diagnóstico e valoración das situacións de partida de cada persoa participante.
- Deseño e seguimento do seu proceso de inserción social e laboral.
- Deseño e realización de accións positivas á medida das necesidades das persoas participantes do plan.
- Mediación laboral, promovendo o seu acceso ao mercado de traballo e mantemento do emprego.

B. Intervención nos territorios, a través da súa dinamización social e do desenvolvemento doutras accións entre as cales se atopan as seguintes:

- Análise da realidade social e laboral.
- Fomento da participación das organizacións de solidariedade e iniciativa social (ONGs).
- Impulso das accións coordinadas cos servizos públicos, rede de solidariedade privada e axentes sociais.
- Identificación de entidades promotoras cualificadas de empresas de inserción⁸.

C. Intermediación laboral, establecendo liñas de colaboración co tecido empresarial para a realización de accións dirixidas a facilitar a inserción laboral das persoas participantes do Plan:

- Formación ocupacional con e sen compromiso de contratación.
- Formación ocupacional externa á demanda das empresas.
- Xestión de ofertas de emprego.
- Prácticas non laborais en empresas.

⁸ Consúltase o apartado dedicado á inserción laboral en empresas de inserción no documento anexo “Manual de procedemento e protocolos de actuación do II Plan Galego de inclusión Social”.



➤ Información e asesoramento sobre os incentivos á contratación.

5.2.4. EQUIPOS TÉCNICOS DE INCLUSIÓN: DESPREGAMENTO TERRITORIAL

O II Plan Galego de Inclusión contará cos seguintes equipos de inclusión sociolaboral:


- ❖ **Un equipo técnico de coordinación**, dependente do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar. Este equipo terá unha composición multidisciplinar e estará localizado na sede central do Consorcio en Santiago de Compostela.
- ❖ **Dezaseis equipos comarcais** de inclusión sociolaboral tamén vinculados ao Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e, inicialmente, un equipo especializado no apoio á reinserción social de reclusos e ex reclusos. O persoal técnico destes equipos terá un perfil profesional no ámbito do social. Os equipos comarcais de inclusión sociolaboral localizaranse nas Oficinas de Igualdade e Benestar, a excepción do equipo especializado que desenvolverá o seu traballo na Prisión Provincial de Teixeiro (A Coruña).
- ❖ **Oito equipos urbanos** de inclusión sociolaboral, de composición multidisciplinar, con dependencia directa dos concellos das sete grandes cidades de Galicia⁹ e un dependente do Consorcio das Mariñas.

Os equipos de inclusión sociolaboral actuarán de maneira coordinada cos Servizos Sociais de Atención Primaria municipal e coas UTAS de RISGA. Así mesmo promoverán e activarán sistemas de colaboración e coordinación cos servizos e recursos, da súa área de intervención, que incidirán no benestar e na inclusión e que teñan unha dependencia administrativa diferente.

No gráfico que segue reflíctese situación inicial de cobertura territorial do primeiro bienio do plan (2007-2008), período do despregue dos equipos comarcais de inclusión sociolaboral:

⁹ A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo.

**DEMARCAÇÕES
COMARCAIS INICIAIS
DO II PLAN GALEGO DE
INCLUSIÓN SOCIAL**



7 + 1 Equipos urbanos (Convenios coas corporacións locais)
12 Equipos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (incluído o equipo técnico de coordinación)

5.2.5. ACCIÓN POSITIVA EN FAVOR DE GRUPOS VULNERABLES

Os seguintes colectivos considéranse neste plan como prioritarios en orden á articulación dunha estratexia de inclusión específica:

5.2.5.1. Comunidade xitana

Os datos dos estudos sobre a comunidade xitana en Galicia seguen a revelar unha concentración de factores de exclusión social neste sector da cidadanía galega. Eses factores distribuídos en tres grandes grupos (déficits obxectivos en indicadores básicos de benestar; escaso capital social; factor étnico-cultural) converten a este colectivo nun dos obxectivos ineludibles dunha acción positiva en favor da inclusión social en Galicia. Esa é a razón básica pola que se incorpora como parte do plan de inclusión un plan especial para a convivencia e a inclusión social do pobo xitano en Galicia.

O conxunto de actuacións a integrar debe, sen embargo, realizarse sobre a base de certos principios, que inspiran a formulación do citado plan especial, entre os que cómpre subliñar:

- ❖ **Normalización:** priorizar a incorporación das actuacións ao ámbito dos servizos públicos abertos a toda a cidadanía (entre eles ás accións xeralistas desenvolvidas no marco do propio plan de inclusión).
- ❖ **Interculturalidade:** traballar bidireccionalmente para entender a diferenza e construír un código común compartido de convivencia.
- ❖ **Protagonismo** das propias persoas de etnia xitana.
- ❖ **Complementariedade e cooperación** entre a administración e a iniciativa social.
- ❖ **Transversalidade:** nos proxectos concretos, con actuacións complementarias dos diversos departamentos e nas medidas xerais, mediante a coordinación interdepartamental.
- ❖ **Desenvolvemento comunitario:** pasando da asistencia (medidas reactivas) á prevención e promoción (medidas pro-activas).

O plan especial para a convivencia e a inclusión social do pobo xitano en Galicia, anexo a este documento, artículase a partir dos seguintes obxectivos:

- ❖ Proporcionar oportunidades reais aos membros da comunidade xitana para solucionar os seus déficits históricos en materia de vivenda, formación, educación, emprego e servizos sociais e sanitarios.
- ❖ Consolidar estruturas de comunicación e acompañamento social para a integración dos xitanos e xitanas nos servizos normalizados.
- ❖ Transmitir á sociedade maioritaria unha visión máis obxectiva e positiva da poboación xitana.
- ❖ Desenvolver actuacións específicas compensatorias na normalización educativa, promoción da muller xitana, participación social, tempo libre, vivenda e saúde.
- ❖ Sensibilizar á poboación xitana sobre os seus dereitos e deberes.
- ❖ Formar ás persoas formadoras e aos axentes sociais involucrados no plan.
- ❖ Mellorar a convivencia e desactivar conflitos en contextos específicos.

As medidas e actuacións específicas que se desenvolven no plan anexo implantaranse e financiaranse a través de subvencións a concellos (Medidas específicas do plan articuladas a través da Orde anual de financiamento dos servizos sociais das corporacións locais) e subvencións e convenios con entidades de iniciativa social.

Ademais das distintas accións e proxectos específicos subvencionados as corporacións locais, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asina un convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano que ten como obxectivo mellorar as capacidades de inserción e incorporación das minorías étnicas no mercado de traballo así como impulsar políticas sociais máis activas con este colectivo.

5.2.5.2. Persoas con discapacidade

Estímanse en Galicia arredor de 110.000 persoas con discapacidade entre 6 e 64 anos, representando unha taxa de máis do 50 por mil, a terceira maior do Estado.

De acordo cos datos oficiais¹⁰, menos da cuarta parte das persoas con algún tipo de discapacidade en idade de traballar están activas e con emprego. Os empregos, ademais, son de escasa cualificación e baixo nivel salarial. Esta situación agrávase no eido da discapacidade intelectual, no que a porcentaxe de persoas traballando é menor do 10%.

Desde o II Plan Galego de Inclusión, impulsaranse e desenvolveranse actuacións específicas tanto enfocadas á discapacidade física como a psíquica (intelectual e enfermidade mental).

Dado o alto nivel de especificidade que se deriva das diversas problemáticas e colectivos de persoas afectadas, foméntase o deseño e aplicación de actuacións en colaboración coas entidades do terceiro sector de base asociativa especializadas._

Neste liña de traballo, recorrerase á suscripción de convenios de colaboración e contratos- programa de formación- emprego e alta na Seguridade Social dirixidos a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial.

Estas actuacións combinarán as estratexias individualizadas e específicas (accións positivas capaces de adaptar os recursos ás posibilidades e situacións das persoas con discapacidade, incluíndo a xeración e posta en práctica de propostas innovadoras que reforcen a inclusión para cada un dos colectivos) con actuacións normalizadoras, tendentes a reforzar a emancipación e participación integrada das persoas con discapacidade nos recursos de carácter xeral e abertos a toda a poboación.

¹⁰ Enquisa sobre discapacidade, Minusvalías e Estado de saúde. INE. Madrid, 1999



Reforzaranse, entre outras, as seguintes liñas de actuación:

- Habilitación funcional e reforzo de habilidades.
- Formación prelaboral e laboral.
- Reforzo, apoio e tutelaxe dos recursos normalizados para favorecer os procesos de integración.
- Asesoramento ás familias e ao contorno.
- Intermediación e inserción laboral.
- Creación e impulso de empresas de inserción e dispositivos similares.

5.2.5.3. Persoas sen fogar e situacións de emerxencia e pobreza severa

No programa “Sen teito” de atención ás persoas sen fogar posto en marcha por medio dun convenio de colaboración entre a Cruz Vermella e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar veñen participando arredor de 2.600 persoas sen fogar ou en situacións de emerxencia e pobreza severa, en diferentes puntos do territorio galego. Sen embargo o número de persoas en situación potencialmente semellante, pode cuadruplicar ese número.¹¹

En Galicia mantense o perfil clásico do “sen-fogarismo”, colectivo de pobreza extrema, cunha notabilísima sobrerrepresentación masculina, unha idade media algo inferior aos corenta anos, maioritaria presenza de persoas solteiras e separadas e de enfermidades graves ou crónicas. Estamos fronte a un traballo socialmente inaprazable e inescusable e coas menores expectativas de “éxito”.

A inclusión e reincorporación social das persoas máis severamente excluídas ten que pasar por estratexias de recuperación da autoestima, actualización formativa e recuperación da motivación.

¹¹ Lémbrese o dato das 40.000 persoas ameazadas por unha situación de pobreza extrema, de acordo coa información estatística aportada en capítulos anteriores. Se ben a situación dos “sen teito” é, ademais, de exclusión extrema, aí un importante segmento de poboación pobre afectada por factores agudos de exclusión, como o fracaso social e a enfermidade mental, que derivan facilmente cara a engrosar a bolsa das persoas máis excluídas.



Ademais, a fenda dixital está acentuándose entre as persoas incluídas e as excluídas e o tempo que se pasa fóra dos circuítos de emprego xoga en contra destes últimos. Se ben as estratexias de reincorporación laboral centráronse ata agora sobre todo en habilidades e oficios manuais, o desafío é experimentar o potencial reintegrador do e-coñecemento, dando oportunidade ás persoas excluídas de familiarizarse coas novas tecnoloxías da información.

A carencia crónica de equipamentos de titularidade pública para atención das persoas “sen teito” e aquelas outras en situación de grave exclusión en Galicia pode ser acometida agora desde unha perspectiva innovadora e proactiva, pasando da simple atención ás necesidades básicas a unha estratexia activa de formación e reinserción dixital e laboral.

A Vicepresidencia asume conxuntamente coa posta en marcha do plan, o inicio dun proceso de tipificación, definición, e regulación legal dos equipamentos para a inclusión social das persoas severamente excluídas.

Seguindo unha tipoloxía definida construíranse en zonas urbanas **7 Centros de Inclusión Social**, de 30 prazas cada un, cunha funcionalidade e nivel de esixencia propios de Albergue, Centro de día, Centro de atención continuada e, opcionalmente, Centro de acollida para a inclusión social. Así mesmo crearanse **12 Centros Comarcais de Inclusión Social**, de 12 prazas cada un, con funcionalidade e nivel de esixencia de Centro de atención continuada e, opcionalmente, Centro de día, en zonas estratéxicas do resto do territorio, de acordo cos criterios de planificación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

5.2.5.4. **Inserción social de persoas ex-reclusas (Módulo Xove en centros penitenciarios)**

O II Plan Galego de Inclusión Social abre unha liña de actuación para favorecer a integración social e laboral da poboación nova reclusa e ex-reclusa.



Nas actuacións proxectadas hai un conxunto articulado de actividades para desenvolver durante un ano antes da saída do centro penitenciario e que se prolongarán ata dous anos despois da saída, mediante un itinerario supervisado polos Servizos Sociais ou persoal técnico dos equipos do plan de inclusión.

En coherencia co anterior, levarase a cabo, como mínimo, un programa integral de preparación a liberdade que favoreza a inserción cívica, familiar e sociolaboral de mozos/as internas de idades comprendidas entre os 18 e 30 anos. Como parte do programa, desenvolverase unha rede postpenitenciaria de apoio aos internos que saen en liberdade, en coordinación cos servizos sociais municipais, co equipo de inclusión sociolaboral e coas entidades e asociacións cívicas que traballan no ámbito da exclusión e da inserción social.

Esta actuación terá carácter piloto na Prisión Provincial de Teixeiro (A Coruña), podendo estenderse a outros centros no período de execución previsto neste plan.

5.2.5.5. Reinserción social de persoas adictas

Os últimos datos publicados en relación coa evolución do consumo de drogas en Galicia sinalan unha tendencia a consolidación do modelo de policonsumo e dun patrón de risco no sector xuvenil da nosa poboación.

Neste ámbito o Plan de Inclusión abrirá liñas de actuación enfocadas a reinserción sociolaboral das persoas adictas, con especial incidencia na súa incorporación laboral. Buscarase nesta intervención a complementariedade coa acción terapéutica do ámbito sanitario. Para tal efecto, utilizaranse instrumentos específicos para o financiamento de actuacións - convenios e subvencións- con entidades de experiencia acreditada no traballo con este colectivo.

5.2.6. ACCIÓNS POSITIVAS EN FAVOR DE TERRITORIOS VULNERABLES



Desde o II Plan Galego de Inclusión Social considéranse zonas de especial atención as áreas rurais empobrecidas e as áreas urbanas de risco. Con este motivo, deseñaranse programas específicos e integrais de inclusión en ditas zonas.

De xeito paralelo, os equipos de inclusión sociolaboral desenvolverán un traballo de dinamización social que comprenderá, entre outras, a labor de impulsar a creación de Empresas de Inserción Laboral nos seus territorios de intervención. Nesta liña, identificaranse as entidades promotoras cualificadas que, de acordo ao establecido no decreto 156/2007¹², puideran crear estes recursos para a inserción social de persoas en situación ou risco de exclusión social.

5.2.6.1. **Programas integrais de inclusión mediante a cooperación social organizada en áreas rurais empobrecidas con altas taxas de dependencia**

O Plan de inclusión aborda a exclusión territorial de zonas rurais altamente vulnerables, mediante a implantación de estratexias coordinadas que reforcen as actuacións doutros departamentos e incrementen as oportunidades de formación e emprego para a poboación destas zonas, especialmente das mulleres.

Así, por exemplo, en determinadas áreas rurais a confluencia dun alto nivel de dependencia senil, dunha falta de oportunidades de emprego e promoción para as mulleres e dun substrato cultural de interdependencia e cooperación veciñal, pode ser unha oportunidade para establecer un novo sistema de atención aos maiores baseado na solidariedade comunitaria organizada e na integración e complementariedade de esforzos entre a administración e a sociedade civil.

Nun contexto de implantación dun sistema universal de atención á dependencia, as persoas desempregadas e, especialmente mulleres (ou ocupadas en actividades xeradoras de rendas marxinais ou insuficientes) da zona poden ser promocionadas como axentes locais de atención ás necesidades integrais dos veciños e veciñas de máis idade, así como noutros posibles xacementos de emprego relacionados coas potencialidades locais.

¹² Decreto 159/2007, de 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral (publicado no Diario Oficial de Galicia N° 153, do 8 de agosto de 2007)

Como resultado indirecto está o de facer unha achega a unha estratexia interdepartamental e interadministrativa por dinamizar e fixar poboación rural nestas áreas. Esta liña de actuación, baseada na promoción e apoio a plataformas locais de desenvolvemento endógeno local e comarcal, baséase, polo tanto, no seguinte:

- ❖ Crear alternativas de inclusión sociolaboral (especialmente na área de atención á dependencia) adaptadas ao medio rural en risco de desertización humana e exclusión.
- ❖ Fomentar e apoiar iniciativas integrais de desenvolvemento local/rural favorecendo a integración laboral, especialmente de mulleres desempregadas ou subempregadas, a través, entre outras, das políticas de benestar e atención á dependencia.
- ❖ Acadar un modelo de intervención transversal propio, baseado no partenariado local público- privado, adaptado a zonas de montaña e ruralidade dispersa da Comunidade Autónoma Galega.

5.2.6.2. **Prevención da exclusión e inadaptación socio-laboral en áreas urbanas de risco mediante estratexias locais de traballo comunitario**

En determinados barrios e zonas urbanas dáse unha alta concentración de factores asociados á exclusión social, constituíndose en “barrios de risco social”. Para evitar que estas zonas se deterioren e xeren situacións de conflito e violencia indesexable é precisa unha intensa acción preventiva e compensatoria.

Cómpre establecer estratexias innovadoras de coordinación de recursos que creen sinerxías entre os servizos públicos e as entidades de iniciativa social, veciñal e empresarial da área de referencia.



A actuación formúlase en clave de traballo social comunitario, e concretaranse en estratexias de intervención en barrios, dinamizadas por equipos interdisciplinares. Esta metodoloxía implica a potenciación dos recursos de inclusión endóxeos á propia comunidade e a súa articulación cos recursos públicos dispoñibles, establecendo dinámicas de anticipación ós problemas sociais mediante a detección, motivación, formación e incorporación social de grupos de risco.

5.2.7. AS ONGs NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

A execución das actuacións concretas no marco da estratexia de responsabilidade pública contará por razóns de eficacia, realismo, proximidade e flexibilidade, coa imprescindible cooperación das entidades de iniciativa social especializadas.

Neste sentido plásmase no II Plan Galego de Inclusión Social as directrices de parcería público-privada e bo goberno que se desprenden da estratexia europea de inserción social. Desta maneira hai no plan unha aposta por potenciar a participación, con criterios de calidade, da sociedade civil organizada (terceiro sector de acción social) para actuacións e desenvolvemento de proxectos de carácter complementario tanto ás actuacións dos equipos (abertas a todo tipo de usuario) como a aquelas outras focalizadas en colectivos de especial risco de exclusión social.

A dirección do Plan fomentará mediante dous dispositivos esta cooperación:

- ❖ A liña de subvencións a entidades que se reformulará en cada exercicio (mediante a correspondente Orde), podendo especializarse ou desdobrarse nas áreas ou estratexias concretas que en cada conxuntura da execución do plan son identificadas como prioritarias polos servizos técnicos e polos equipos territoriais e centrais.
- ❖ A contratación e concerto por parte do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar de actuacións específicas para **formación, mellora da empregabilidade e acompañamento social** que posibiliten e reforcen os itinerarios personalizados de inclusión.

En ámbolos casos a colaboración coas ONGs pode tomar forma de :



- ❖ Actuacións que permitan a adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais (mellora de aptitudes básicas, desenvolvemento persoal, técnicas de busca de emprego, etc.).

- ❖ Actuacións de formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades dos colectivos en situación de exclusión social, que permitan mellorar a súa cualificación socioprofesional.

- ❖ Actuacións de acompañamento social, que consistirán na posta a disposición das persoas usuarias, de servizos de apoio persoal e/ou familiar que faciliten a axeitada participación e desenvolvemento dos seus itinerarios de inserción sociolaboral.

- ❖ Actuacións de acollida, valoración, atención social e acompañamento de persoas afectadas por procesos graves de exclusión social de cara á mellora da súa empregabilidade.

- ❖ E, en xeral, actuacións enfocadas a procurar vías de integración, mellora da empregabilidade ou reentrada no emprego para persoas en situación de exclusión social, tales como xoves que abandonan prematuramente os estudos, minorías étnicas ou doutro tipo, persoas con discapacidades ou enfermidade mental, persoas que aseguran coidados a dependentes, etc.

En calquera caso a dirección do plan e, de maneira particular, o equipo técnico de coordinación potenciarán e supervisarán a integración operativa e a complementariedade e eficacia das actividades desenvolvidas pola iniciativa social, de maneira que se favorezan sinerxías coas liñas de actuación do sistema público de Servizos Sociais e do plan de inclusión.

6. CADRO FINANCEIRO

LIÑA	INSTRUMENTO DE GASTO	2007-2013 (en euros)
Renda Inclusión	Prestación individual	1 7 8 ★ 2 7 ★ 7 7
Convenios equipos e actuacións concellos	Convenio anual	8 ★ 8 ★ 7
Rede territorializada de equipos de inclusión Consorcio e equipo central	Convenio Anual	1 5 ★ 7 8 ★ 4
Actuacións plan de Inclusión Consorcio (contratos para a incorporación laboral, acompañamento, etc...)	Convenio anual-contrato de execución	5 ★ 5 1 ★
Actuacións do Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia	Orde Plan concertado/Orde entidades prestadoras de Servizos Sociais/Convenio FSX	4 ★ 2 ★
Inserción socio-laboral persoas con drogodependencia	Convenios colaboración Orde subvencións entidades prestadoras de Servizos Sociais	2 ★ 1 1 ★
Outros programas complementarios de inclusión socio-laboral executados por entidades con sectores vulnerables (SIDA, acollida mulleres, alcoholismo, adicións socias, etc...)	Orde Entidades prestadoras de Servizos Sociais	8 ★
Prácticas en empresas		2 6 1 ★
Actuacións persoas sen fogar	Convenio Cruz Vermella Orde entidades prestadoras de Servizos Sociais	6 ★ 3 2 ★
Outras actuacións e proxectos executados por entidades ("Orde de entidades inclusión": rural, discapacidade psíquica, preformación e formación para o emprego")	Orde de entidades inclusión social	4 ★ 7 6 ★
Discapacidade física	Convenio Confederación Galega de Minusválidos	4 ★ 2 4 ★
Investigación, sensibilización	Contratos	7 1 4 ★
TOTAL		231.384.514

ANEXOS

ANEXO I

CADRO DE INDICADORES